

Número 1 - Ano 2026

ACTA

da sesión Ordinaria, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

29 de xaneiro de 2026

No Salón de Sesións do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte e seis; baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, reúnense os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DONA CRISTINA SANZ ARIAS; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGO VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Institucionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Xestión Integral de Recursos Internos; DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, Ilmo. Sr. tenente de alcalde delegado da Área de Urbanismo e Deportes e Xuventude; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, concelleira delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, concelleiro delegado de Movementos Migratorios; DONA MARÍA REIGOSA CASTRO; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, concelleiro delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DONA IRIA BUIDE PENA, concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

ACTAS E GOBERNO

AMRG/jch/cal

Refº: ispac5256112261728678799.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-1-2026

Esta sesión foi convocada por resolución da Alcaldía do 26 de xaneiro de 2026 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte **ORDE DO DÍA:**

1/1 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIAS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O 27 DE NOVIEMBRE E O 26 DE DECEMBRO DE 2025, RESPECTIVAMENTE, E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 29 DE DECEMBRO DE 2025.

A) PARTE RESOLUTIVA

2/2 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 20/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DO SECTOR PRIMARIO (Exp. 2026/G004/000015).

3/3 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 21/2026 DE REXISTRO DE PLENO, DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DO SECTOR AGROGANDEIRO GALEGO (Exp. 2026/G004/000017).

4/4 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 23/2026 DE REXISTRO DE PLENO, POR UNHAS INFRAESTRUTURAS ESENCIAIS E COMUNICACIÓNS DIGNAS PARA O FUTURO DA PROVINCIA DE LUGO (Exp. 2026/G004/000019).

5/5 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 24/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A RECONVERSIÓN DAS CALDAS DO MIÑO NUN ESPAZO MULTISERVIZO, MANTENDO A INFRAESTRUTURA EXISTENTE E ADAPTÁNDOA A NOVOS USOS (Exp. 2026/G004/000020).

6/6 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 25/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA MELLORAR OS SERVIZOS DA RÚA FERMÍN RIVERA E A PLANIFICACIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS E URGENTES (Exp. 2026/G004/000021).

7/7 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE, NÚMERO 34/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA UNHA PRESTACIÓN SUFICIENTE E ADECUADA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (Exp. 2026/G004/000034).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

8/8 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) DENDE O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2025 (Exp. 2026/G004/000002).

9/9 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2026 (Exp. 2026/G004/000010).

10/10 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 371/2026, DO 19 DE XANEIRO DE 2026, RELATIVO AO NOMEAMENTO DE DON LUIS RAMÓN VÁZQUEZ PARGA COMO INTERVENTOR XERAL MUNICIPAL DESTES EXCMO. CONCELLO (2026/G004/000016).

TESOURERÍA

11/11 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE DECEMBRO DE 2025.

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 26/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE INSTALE NA PISCINA MUNICIPAL EXTERIOR DE FRIGSA UN SISTEMA DE ACCESO Á AUGA QUE GARANTA A AUTONOMÍA DAS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 27/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE GARANTA O SUBMINISTRO DE AUGA ESTABLE E DEFINITIVO EN TODOS OS LOCAIS E CENTROS SOCIAIS DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE LUGO.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 28/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL INFORME DAS ACTUACIÓNS QUE TEN PREVISTAS PARA DAR SOLUCIÓN AOS PROBLEMAS QUE MANIFESTAN OS VECIÑOS DA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE BÓVEDA.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 29/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE INCLÚA AOS VOCEIROS (OU CONCELLEIRO QUE O SUBSTITÚA) DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS NAS DIFERENTES RECEPCIÓNS INSTITUCIONAIS QUE SE ORGANICEN NO CONCELLO DE LUGO.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 30/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS ACTUACIÓNS CONCRETAS ADOPTADAS DESDE A CELEBRACIÓN DO PLENO DE SETEMBRO DE 2025 EN RELACIÓN COA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.

B) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 31/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO NÚMERO DE USUARIOS QUE PARTICIPARON NUNHA ACTIVIDADE FORMATIVA DENTRO DO PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS E O PROGRAMA +XTI2024-2025.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 32/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA PROBLEMÁTICA QUE SE DÁ NO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO OS DÍAS DE REPARTO DO BANCO DE ALIMENTOS DE LUGO.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 33/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ANUNCIO DA CONSTRUCCIÓN DUN PAVILLÓN DEPORTIVO NO BARRIO DE SAN FIZ.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, éntrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

1/1 APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIAS CELEBRADAS POLO EXCMO. CONCELLO PLENO O 27 DE NOVIEMBRE E O 26 DE DECEMBRO DE 2025, RESPECTIVAMENTE, E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 29 DE DECEMBRO DE 2025.- Vista a proposta da secretaria xeral do Pleno, do 23 de xaneiro de 2026, do seguinte teor:

“O Excmo. Concello Pleno celebrou as sesións que seguidamente se indican e nas datas que, así mesmo, se sinalan:

- Sesión ordinaria celebrada o 27 de novembro de 2025.

- Sesión ordinaria celebrada o 26 de decembro de 2025.

- Sesión extraordinaria celebrada o 29 de decembro de 2025 (Debate sobre o estado do Concello)

Das referidas sesións levantáronse as correspondentes actas que, unha vez incorporadas as intervencións nelas producidas, foron asinadas pola secretaria xeral do Pleno e polo alcalde presidente da Corporación.

Por todo o exposto, propónse a adopción dos seguintes acordos:

APROBAR as actas correspondentes ás seguintes sesións celebradas polo Excmo. Concello Pleno:

- Sesión ordinaria celebrada o 27 de novembro de 2025.
- Sesión ordinaria celebrada o 26 de decembro de 2025.
- Sesión extraordinaria celebrada o 29 de decembro de 2025 (Debate sobre o estado do Concello)."

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

APROBAR as actas correspondentes ás seguintes sesións celebradas polo Excmo. Concello Pleno:

- Sesión ordinaria celebrada o 27 de novembro de 2025.
- Sesión ordinaria celebrada o 26 de decembro de 2025.
- Sesión extraordinaria celebrada o 29 de decembro de 2025 (Debate sobre o estado do Concello).

EXCMO. SR. ALCALDE: Ben, bo día a todos a todas, concelleiros, concelleiras, asesores, medios de comunicación, os compañeiros do sindicato. Bo día. Imos dar comezo a este Pleno ordinario do mes de xaneiro, e comezamos co primeiro punto da orde do día e, por tanto, pásolle a palabra á señora secretaria, cando queira.

SECRETARIA XERAL DO PLENO: Moitas grazas, bo día. Iniciamos o exame dos asuntos incluídos neste Pleno, nesta orde do día do Pleno. O primeiro deles trátase da aprobación das actas correspondentes ás sesións ordinarias celebradas polo Excelentísimo Concello Pleno o 27 de novembro e o 26 de decembro de 2025, respectivamente, e a sesión ordinaria celebrada o 29 de decembro de 2025.

ACTAS E GOBERNO

AMRG/jch/cal

Refº: ispac5256112261728678799.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-1-2026

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, pasamos logo a parte resolutiva, co primeiro... [interrompe a intervención unha persoa das que se manifestan ante o Pleno], non perdoe aquí non se pode, por respecto...perdoe, perdoe, perdoe. Por respecto a este Pleno prégolles silencio e que se comporten no Pleno. Se non vou ter que tomar a decisión de que se vaian do Pleno. Por favor, non volva interrompir este Pleno, se non vou ter que desaloxalos. Un mínimo de respecto. Por favor, por favor, proceda, oia...seguridade...procedan, por favor, a desaloxar. Procedan a desaloxalos, por favor!

SECRETARIA XERAL DO PLENO: Non se pode interromper.

EXCMO. SR. ALCALDE: Vostede...non se pode interromper o funcionamento deste Pleno. Teñen todos os dereitos de estar aí e serán ben recibidos, pero teñen que respectar este Pleno que é a casa de todos os lucenses e, polo tanto, ou garda as formas ou inmediatamente os imos desaloxar do Pleno. Como vostede queira, pode escoller, pode quedar aquí e escoitar o que queira, ou desaloxar o Pleno. Ben, dito isto, pasamos á primeira proposición.

A) PARTE RESOLUTIVA

PROPOSICIÓNS

SECRETARIA XERAL DO PLENO: Parece ser que a primeira proposición vai ser obxecto de debate conxunto.

EXCMO. SR. ALCALDE: Efectivamente, tal e como se falou na Xunta de Voceiros, acordamos que, como é temática similar, en defensa do sector primario, que estas dúas primeiras proposicións se van debater conxuntamente aínda que despois se voten por separado, e acordamos tamén unha orde de intervencións, que é o que imos seguir, que consideramos que é o primeiro acordado e o segundo que é o correcto. Cando queira.

SECRETARIA XERAL DO PLENO: Moi ben, a primeira das proposicións é a PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 20/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DO SECTOR PRIMARIO, a terceira das proposicións que se debaterán, por tanto, conxuntamente, é a PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 21/2026 DE REXISTRO DE PLENO, DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DO SECTOR AGROGANDEIRO GALEGO.

2/2 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 20/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN DEFENSA DO SECTOR PRIMARIO (Exp. 2026/G004/000015).- Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“A próxima sinatura do acordo comercial entre a Unión Europea e o Mercosur está xerando unha serie de reivindicacións e manifestacións de gandeiros e agricultores en toda España, tamén en Galicia. Desde o Grupo Popular defendemos os intereses do noso sector primario, tal e como fixemos sempre, e por suposto estaremos ao seu lado neste asunto.

Galicia sempre defendeu ante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a esixencia de salvagardas específicas para o sector primario, co obxectivo de que todo produto foráneo cumpra coas mesmas garantías e requisitos que, seguindo as normativas comunitarias, lle son esixibles aos nosos produtores para poder comercializar. Non se pode permitir unha competencia desleal que poña en perigo o futuro do sector.

Neste sentido, nos últimos días estamos escoitando, con preocupación, algunhas declaracións do lado do Mercosur que xeran dúbidas sobre a implantación das cláusulas de salvagarda incorporadas para o sector primario dentro do acordo. Cláusulas que debería defender con máis firmeza o Goberno de España, dado que son unha liña vermella para chegar a poñer en marcha o seu desenvolvemento. A maiores, se finalmente entra en vigor este acordo, é fundamental extremar os controis de fronteira que debe realizar o Goberno central.

A maiores disto, outra preocupación de gandeiros e agricultores que tamén compartimos é as peticións de simplificación e redución da burocracia arredor da Política Agraria Común, especialmente agora que está en proceso de debate e aprobación o novo Marco Financeiro Plurianual 2028-2034. É imprescindible que Europa se dote dunha PAC forte, con fondos suficientes e diferenciados, posto que esta será a maneira de apostar polo relevo xeracional e o desenvolvemento rural en todos os estados membros, especialmente relevante nunha comunidade como a nosa.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular propón ao pleno os seguintes acordos:

1. Manifestar o apoio explícito ao sector primario galego na defensa dos seus intereses ante o acordo entre a Unión Europea e os países do Mercosur.

2. Esixir ao Goberno de España que protexa o sector primario, defenda as cláusulas de salvagarda no acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Mercosur ante posibles ameazas e garanta e intensifique os controis de fronteira co fin de que os produtos agroalimentarios de terceiros países que pretendan comercializarse no mercado comunitario cumpran os mesmos estándares de calidade, sanidade e benestar animal que os esixidos na Unión Europea.

3. Instar á Xunta de Galicia a reclamar ante o Goberno central estas peticións e a seguir intensificando as medidas de apoio ao sector primario, especialmente no ámbito da sanidade animal, a prevención de enfermidades, as compensacións por perdas e o control da fauna salvaxe que afecta ás explotacións.

4. Facer unha fronte común desde Galicia para reclamar unha nova Política Agraria Común con fondos suficientes e diferenciados, que permita asegurar as axudas directas a gandeiros e agricultores para promover a remuda xeracional e, ao mesmo tempo, asegurar un adecuado desenvolvemento rural.”

Tendo en conta, así mesmo, que, con data do 29 de xaneiro de 2026, número 35 de Rexistro de Pleno, o Grupo Municipal Popular presenta unha emenda a súa propia proposición, consistente na substitución dos puntos de acordo contidos na proposición polos seguintes:

“1º.- Manifestar publicamente o seu rexeitamento a calquera proposta que implique unha redución substancial dos fondos europeos destinados ao sector agrícola e gandeiro no próximo Marco Financeiro Plurianual (2028-2034).

2º.- Impulsar unha posición común entre os Estados membros da Unión Europea con maior peso rural para rexeitar a devandita redución e propoñer un financiamento adecuado que garanta os obxectivos da Política Agraria Común: asegurar unha subministración estable de alimentos a prezos alcanzables, garantir un nivel de vida xusto para os agricultores, protexer o medio ambiente e promover o desenvolvemento sostible das zonas rurais.

3º.- Defender, no seo do Consello da Unión Europea, o mantemento dun orzamento específico e suficiente con recursos equivalentes e homologables á actual Política Agrícola Común (PAC) e aos fondos FEAGA e FEADER, de forma que se garanta a competitividade, modernización e viabilidade futura do sector.

4º.- Adoptar, facer explícito e exercer un compromiso claro en defensa e apoio do sector agrícola e gandeiro no marco dun plan nacional específico, coa reserva de fondos como mínimo equivalentes aos existentes actualmente para España no marco da Unión Europea.

5ª.- Solicitar o anticipo da parte correspondente a España dos 45.000 millóns anuais propostos pola Unión Europea para dirixilos directamente ao sector primario; e ao mesmo tempo destinar á PAC o orzamento denominado Obxectivo Rural, é dicir, o 10 % da dotación do fondo nacional asignado.

6º.- Activar mecanismos de interlocución permanente coas Comunidades Autónomas e coas organizacións profesionais agrarias para informar do estado das negociacións, recoller as súas achegas e aliñar a posición de Galicia e de España coas necesidades reais do sector.

7º.- Protexer ao sector primario, defendendo como cuestión imprescindible a activación das cláusulas de salvagarda xa incluídas no acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Mercosur e garantir e intensificar os controis de fronteira, co fin de que os produtos agroalimentarios de terceiros países que pretendan comercializarse no mercado comunitario cumpran os mesmos estándares que os esixidos na Unión Europea.

8º.- Solicitar ante a Unión Europea a non activación provisional do citado acordo mentres non haxa garantías para o agro e certezas de que se aprobará o regulamento que desenvolva e reforce as cláusulas de salvagarda, o reforzo dos controis ou a redución das esixencias actuais para os produtores.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coa redacción dada a súa parte dispositiva pola emenda presentada, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	12	do Grupo Municipal do Partido Popular.
- Votos en contra:	5	do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- Abstencións:	8	do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Manifestar publicamente o seu rexeitamento a calquera proposta que implique unha redución substancial dos fondos europeos destinados ao sector agrícola e gandeiro no próximo Marco Financeiro Plurianual (2028-2034).

SEGUNDO.- Impulsar unha posición común entre os Estados membros da Unión Europea con maior peso rural para rexeitar a devandita redución e propoñer un financiamento adecuado que garanta os obxectivos da Política Agraria Común: asegurar unha subministración estable de alimentos a prezos alcanzables, garantir un nivel de vida xusto para os agricultores, protexer o medio ambiente e promover o desenvolvemento sostible das zonas rurais.

TERCEIRO.- Defender, no seo do Consello da Unión Europea, o mantemento dun orzamento específico e suficiente con recursos equivalentes e homologables á actual Política Agrícola Común (PAC) e aos fondos FEAGA e FEADER, de forma que se garanta a competitividade, modernización e viabilidade futura do sector.

CUARTO.- Adoptar, facer explícito e exercer un compromiso claro en defensa e apoio do sector agrícola e gandeiro no marco dun plan nacional específico, coa reserva de fondos como mínimo equivalentes aos existentes actualmente para España no marco da Unión Europea.

QUINTO.- Solicitar o anticipo da parte correspondente a España dos 45.000 millóns anuais propostos pola Unión Europea para dirixilos directamente ao sector primario; e ao mesmo tempo destinar á PAC o orzamento denominado Obxectivo Rural, é dicir, o 10 % da dotación do fondo nacional asignado.

SEXTO.- Activar mecanismos de interlocución permanente coas Comunidades Autónomas e coas organizacións profesionais agrarias para informar do estado das negociacións, recoller as súas achegas e aliñar a posición de Galicia e de España coas necesidades reais do sector.

SÉTIMO.- Protexer ao sector primario, defendendo como cuestión imprescindible a activación das cláusulas de salvagarda xa incluídas no acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Mercosur e garantir e intensificar os controis de fronteira, co fin de que os produtos agroalimentarios de terceiros países que pretendan comercializarse no mercado comunitario cumpran os mesmos estándares que os esixidos na Unión Europea.

OITAVO.- Solicitar ante a Unión Europea a non activación provisional do citado acordo mentres non haxa garantías para o agro e certezas de que se aprobará o regulamento que desenvolva e reforce as cláusulas de salvagarda, o reforzo dos controis ou a redución das esixencias actuais para os produtores.

3/3 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 21/2026 DE REXISTRO DE PLENO, DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓNS DO SECTOR AGROGANDEIRO GALEGO (Exp. 2026/G004/000017).- Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Dende o grupo municipal do BNG de Lugo denunciámos a perda de rumbo no temón do goberno do PP á fronte da Xunta, que vén sometendo a Galiza nos últimos anos á súa patente incapacidade para asumir os retos presentes e futuros do noso medio rural.

Tras o anuncio público do peche do acordo UE-MERCOSUR do 6 de decembro de 2024, o pasado 17 de xaneiro asinábase en Paraguai o acordo comercial entre a UE e os países do MERCOSUR (Arxentina, Brasil, Uruguai e Paraguai). Este acordo supón unha traizón e unha capitulación dos intereses do sector primario galego fronte a outros sectores con máis peso noutras rexións europeas como a industria automobilística.

Como non podía ser doutro xeito, este acordo está a causar unha fonda preocupación entre os nosos gandeiros e gandeiras polas graves repercusións da entrada de produtos agrarios procedentes de América do Sur e que afectará especialmente ao sector da gandería extensiva de produción de carne e derivados en Galiza.

Segundo as cifras publicadas, o Acordo implicará a entrada de 99.000 Tm de carne de vacún, 180.000 Tm de carne de avicultura e 45.000 Tm de mel anuais con orixe nos países do MERCOSUR e libres de aranceis.

Galiza produce anualmente 95.600 Tm de carne de vacún, das cales 23.000 Tm están amparadas pola IXP “Ternera Gallega”, 215.000 Tm de carne procedente da avicultura e 2.700 Tm de mel.

Se comparamos coa produción galega, este acordo abre as portas á entrada dun volume de carne na UE similar á produción anual de Galiza, co agravante da non obriga de cumprir cos requisitos en materia sanitaria, ambiental e laboral da UE, o que se converte nunha flagrante competencia desleal.

No caso do mel, este supón case o dobre da produción total de todo o Estado español, que produciu 27.400 Tm na última anualidade. O acordo permitirá, polo tanto, a entrada dun enorme volume de produtos procedentes do outro lado do océano Atlántico para abastecer o noso mercado, favorecendo o monocultivo e a especialización agraria de grandes extensións para o seu posterior traslado a miles de quilómetros de distancia da orixe.

Estas prácticas son completamente contrarias á descarbonización, á protección da biodiversidade animal e vexetal, á defensa da soberanía alimentar e á promoción do consumo dos produtos de proximidade e de tempada.

É preciso tamén destacar que os cultivos e a cría de gando son realizados en condicións produtivas moi diferentes, permitindo o uso de pesticidas, praguicidas, fitosanitarios, antibióticos, hormonas e pensos nos que non se aplican os mesmos estándares nin controis que no territorio da UE.

Tamén é preciso ter en conta as condicións laborais que, en moitos casos, padecen as traballadoras e traballadores aos que non se lles garanten salarios nin condicións dignas.

Porén, Galiza debe propoñer un modelo global de produción máis sostible, fomentando o consumo de produtos locais e sen transporte, chamados “de Km 0”, e limitando a importación de produtos non necesarios de forma masiva, esixindo o cumprimentos de certos mínimos e estándares dos produtos para asegurar a igualdade competitiva co sector produtivo galego.

Recentemente, o ministro de Agricultura pediu a ratificación urxente deste acordo de libre comercio tan funesto para Galiza. O acordo comercial aínda é provisional e debe ser aprobado polo Parlamento Europeo, nunha votación prevista para este mes de xaneiro.

Pola súa parte, a conselleira de Medio Rural da Xunta de Galiza só se limitou a dicir que teñen solicitado ao Ministerio de Agricultura a convocatoria dunha conferencia sectorial uxente para tratar de esclarecer o impacto que o acordo UE-MERCOSUR vai ter no noso sector primario. Trátase de palabras pouco alentadoras ante un acordo que afectará gravemente ao sector máis estratéxico e vital da provincia de Lugo, o sector primario.

Ante esta situación, dende o BNG evidenciamos a nosa absoluta preocupación sobre a actitude do Goberno da Xunta do PP, que vota nunha dirección en todos os

ACTAS E GOBERNO

AMRG/jch/cal

Refª: ispac5256112261728678799.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-1-2026

órganos de representación política nos que está presente e expresa a posición totalmente contraria de cara aos medios, evidenciando un descaro e unha desvergoña absolutas e un desprezo cara ás gandeiras e gandeiros que están a mobilizarse defendendo o seu xeito de vida.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do BNG propón o seguinte **ACORDO**:

1. Expresar o absoluto rexeitamento por parte do Concello de Lugo ao Acordo UE-MERCOSUR.
2. Instar á xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a manifestar publicamente a súa oposición ao acordo UE-MERCOSUR polas graves repercusións que terá para o sector agrogandeiro galego.
3. Transmitir este rexeitamento ao Congreso dos Deputados, ao Parlamento Europeo e á Comisión Europea
4. Manifestar o apoio aos actos de reivindicación e de protesta dos diferentes colectivos asociativos do sector agrogandeiro no rexeitamento do acordo UE-MERCOSUR, na defensa do sector primario lucense e galego.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 5 do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 8 do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE.
- **Abstencións:** 12 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, pois ten a palabra en primeira quenda, por un tempo de cinco minutos, o voceiro do Partido Popular, o señor Ameijide. Cando queira.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: Moitas grazas, alcalde. Antes de nada dar a benvida aos compañeiros de Comisións Obreiras. A benvida a eles fisicamente, e por suposto tamén ás súas xustas e demasiado xustas reivindicacións e que por demasiado tempo levan defendendo, demasiado tempo sen escoitar, por tanto a benvida a estes compañeiros.

Imos falar de Mercosur. Mercosur pode ser interesante para o noso país? Si, pode ser interesante para o noso país. Pode ser interesante para distintos sectores? Pode ser moi interesante, efectivamente, e pode ser incluso interesante para o sector primario? Tamén, tamén pode ser interesante. A competencia é mala? Non, a competencia non é mala e tampouco lle teñen medo á competencia os nosos agricultores e gandeiros. A competencia é boa e levan anos competindo en Europa e no mundo os nosos agricultores e gandeiros e ademais tendo éxitos. O que si que nos pon respecto é a competencia desleal, a competencia en desigualdade de condicións, e isto é precisamente o que pode provocar o Tratado de Mercosur se non se adoptan as medidas oportunas, iso si que é peligroso, Mercosur e a competencia que poden xerar, si esta competencia é desleal. Por iso isto nos preocupa e preocúpanos moito, e creo que non hai ningún tipo de dúbida, e que o demostramos nas últimas semanas, en reiteradas ocasións, e en todas as administracións nas que temos representación.

As administracións temos a obriga de adoptar as medidas oportunas para que o Tratado Mercosur sexa beneficioso e teña os resultados desexados. É dicir, que se xere unha competencia xusta, leal e controlada e dende o Partido Popular temos claro que a nosa obriga, dende as administracións, é conseguir iso. Gustaríame comezar explicando as propostas do Partido Popular e ademais facer miñas as palabras do presidente da Xunta, Alfonso Rueda, cando dixo que todos os produtos agroalimentarios que entren en Galicia deben cumprir exactamente os mesmos requisitos que os que se elaboran aquí. Isto creo que non debería haber ningún tipo de dúbida e que ante o acordo entre a Unión Europea e Mercosur, pedimos máis controis e medidas que dean certezas e estabilidade ao sector agrícola e que ademais esiximos as cláusulas de salvagarda, entren en vigor de xeito inmediato, xusto coa entrada en vigor do tratado, e que sen esas garantías, dende o Partido Popular non apoiamos o Tratado Mercosur. Así de claro e así de contundentes nos presentamos neste partido, e esta é exactamente a nosa proposta, que hoxe ademais modificamos e actualizamos, porque evidentemente nos últimos días houbo novidades a nivel europeo.

A nosa proposta ten oito puntos: o primeiro é manifestar publicamente o rexeitamento a calquera proposta que implica unha redución substancial dos fondos europeos, porque sabemos que en Europa se está falando e que dende o Goberno do Estado non se está tratando ca debida preocupación, se está falando de reducir a PAC e isto non o poden permitir o noso sector primario; impulsar unha posición común entre os estados membros da Unión Europea con maior peso do rural para rexeitar esa devandita redución posible da política agraria común; defender, no seo do Consello da Unión, o mantemento específico do orzamento específico da PAC e os fondos FEAGA e FEADER; un compromiso claro en defensa do apoio do sector agrícola e gandeiro no marco dun plan nacional específico para o sector primario, que non existe e que se necesita; solicitar o anticipo dos 45.000 millóns anuais propostos pola Unión Europea para o sector primario e que se poña xa a xirar resultados no sector primario do noso país; activar os mecanismos de interlocución permanente entre as comunidades autónomas, organizacións profesionais e o Estado, que non están activados, que non se convocaron e que non se convocan

de xeito periódico, e protexer ao sector primario de forma imprescindible esixindo a activación das cláusulas de salvagarda incluídas no acordo de libre comercio entre a Unión Europea e Mercosur, e garantir e intensificar os controis fronteirizos dos produtos que entren aquí; e solicitar, por último, á Unión Europea a nula activación provisional do citado acordo mentres non haxa garantías para o agro e certezas de que se aprobará o regulamento que desenvolva e refórzase a cláusula de salvagarda, o reforzo dos controis e/ou a redución das esixencias actuais para os gandeiros. É dicir, competencia leal entre todos e competencia igual.

Temos que ter claro ademais que quen ten a posibilidade de negociar en Europa estes termos é o Goberno do Estado, non a Xunta de Galicia, no ningún de nós. Por iso tivemos que facer esta autoemenda para facer estas modificacións, porque ademais nas últimas datas houbo unha extrana modificación que levou a ver extranños compañeiros de viaxe, neste viaxe, valga a redundancia, falamos do acto entre VOX e BNG. Evidentemente, se o resultado ou os cambios foron tan drásticos que os enemigos irreconciliables agora son amigos e compañeiros de viaxe, pois evidentemente isto obriga a tamén cambiar os plantexamentos nas últimas datas. Por iso digo que é importante demostrar unión e fortaleza dende todas as administracións e dende este Concello tamén, para garantir o futuro do noso sector primario, pero sobre todo para garantir que Mercosur non xere un dano irreparable.

EXCMO. SR. ALCALDE: Rubén Arroxo, cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Bo día, grazas, alcalde.

Hai anos, cando o Estado español entrou no Mercado Común Europeo houbo un curioso titular de prensa, que dicía que aquilo era un gran acordo para o sector do aceite e da laranxa. Nese titular de prensa había un subtítulo que poñía que era un duro golpe para o sector do leite, da pesca e da industria naval. Casualmente para os sectores produtivos galegos. Cuarenta anos despois desa situación podemos dicir que a historia é completamente cíclica. Estamos a vivir outra vez ese duro golpe para os sectores galegos con este tratado de comercio con Mercosur. Véndese como un gran éxito para sectores como a industria do automóbil, para as novas tecnoloxías, pero que está sobre a mesa, e un novo duro golpe para o sector primario, especialmente para o sector alimentario. Este tratado vai crear un gran problema ás explotacións do noso país que non van poder competir en prezo coas macro explotacións que teñen estados de grandes dimensións, como pode ser Arxentina, como pode ser Brasil. Pero non só vai afectar aos produtores, vai afectar tamén ó consumidor porque as garantías que imos ter con eses alimentos que imos recibir non se van parecer en nada ás que temos aquí, porque é imposible facer os controis dende a súa orixe, como se están a levar aquí.

En canto ás importacións, os datos son tremendos. Temos que falar de que anualmente os cálculos que se fan é que van entrar 99.000 toneladas de carne de vacún, 180.000 toneladas de carne avícola e 45.000 toneladas de mel, e todo isto totalmente libres de aranceis dentro dun mercado totalmente desregulado. Isto evidentemente está a provocar que se alcen miles de traballadores do sector primario de todo o país vendo como se pon totalmente en risco o seu futuro, por

certo, a quen queremos amosar o noso apoio nas mobilizacións que tiveron durante estas últimas datas e na que hoxe mesmo tamén van ter. Hai tamén unha gran preocupación entre un sector que empezaba a acoller moita xente nova no rural, como é o sector da apicultura, dado que vai ser outra das materias que van entrar en masa e sen aranceis de Sudamérica. O certo é que unha vez máis se volven a levar adiante acordos ou tratados que ignoran absolutamente as cuestións sociais, económicas, do pobo galego, e por iso dende o BNG non o imos deixar pasar. Dende o BNG estivemos sempre -dende o minuto cero que se empezou a desenvolver este tratado- en contra, en contra en todas as votacións que tiveron lugar no Parlamento Europeo. A semana pasada, efectivamente, apoiamos, e ademais foi a iniciativa do grupo do que conforma o BNG, da ALE, da Alianza Libre Europea, apoiamos levalo ao Tribunal de Xustiza Europea para que analice cómo está a ser este tratado. En todo caso, non é suficiente precísase un gran acordo político para protexer os nosos sectores produtivos, pero sobre todo isto é o máis importante, sobre todo precísase dun Goberno galego que protexa aos sectores produtivos galegos, algo que evidentemente non vai acontecer dun Partido Popular que vai estar sempre a disposición do que lle manden dende o Partido Popular Europeo. E sería importante que se defenda á xente que produce alimento. Sería importante que se defenda á xente que queda no rural, porque, se non, o que imos ter é un rural cada vez máis abandonado, pasto do lume e sen posibilidade de producir alimentos aquí. Nos últimos anos fálase moito de ese concepto, que a soberanía alimentar, que cada territorio teña capacidade de producir os seus alimentos. E ademais eu creo que experiencias como as que vimos do COVID, da pandemia, cando se pecha o mundo, experiencias que vimos cando sucedeu a Guerra de Ucraína, experiencias que vimos que a gran crise de prezos deixan patente que un territorio ten que ter soberanía alimentar, senón nunca vai servible, porque vai depender doutros territorios, e cando hai crise deste tipo pois veñen os problemas. Por iso un acordo comercial como este, totalmente desregularizado é un auténtico ataque á soberanía alimentar do pobo galego. Por iso nós ímonos opoñer sempre e imos apoiar todas as iniciativas que poidan levalo adiante. Por certo, chámamos moito a atención a actitude do Partido Popular que está polas mañás nas concentracións e nas mobilizacións de gandeiros dicíndolles que os apoian, e eses mesmos días pola tarde no Parlamento Europeo votando en favor do Mercosur. Hipocresía a xusta, por favor. Hipocresía a xusta.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señor Arroxó. Quenda agora para a voceira do Grupo Socialista, Ana Abelleira. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Grazas, señor alcalde. Benvidos a todos e todas as persoas que nos acompañan hoxe por redes no discurso deste Pleno.

Pois hoxe o Grupo Socialista toma a palabra coa responsabilidade que esixe representar o corazón gandeiro de Galicia. Lugo non é un concello calquera neste debate, xa que somos a capital dunha provincia que vive da terra e, precisamente por ese respecto que lles debemos aos veciños e veciñas de todos os concellos e

parroquias do rural, non imos facer demagogia como estou vendo nas anteriores intervencións. En primeiro lugar, falamos de oportunidades comerciais. Este acordo abre as portas dun mercado de 268 millóns de habitantes para sectores no que España e tamén Galicia somos líderes; elimínanse aranceis que hoxe chegan ó 35% e ademais, por primeira vez, o acordo protexe indicacións xeográficas de 59 denominacións de orixe, entre ela a tenreira galega. En segundo lugar falamos de custos para os nosos produtores. Galicia e España son altamente dependentes da importación da proteína vexetal para alimentar o gando. Só España importa 3,4 millóns de toneladas de soia ó ano, sendo o cuarto importador mundial, e a eliminación de dereitos de exportación garantirá a maior seguridade e menores custos no abastecemento de materias primas para o noso sector gandeiro. En terceiro lugar, tamén este acordo garantiza unha seguridade e a saúde, a saúde dos cidadáns europeos, polo tanto españois e galegos non é negociable. Este acordo non cambia nin unha soa das estritas normas que a Unión Europea ten sobre sanidade animal, vexetal e a inocuidade alimentaria. Calquera produto do Mercosur que queira venderse aquí deberá cumprir os mesmos límites de pesticidas e a prohibición de calquera substancia prohibida neste consumo; e os controis de fronteira que tamén fala o Bloque Nacionalista Galego van ser reforzados, xa están funcionando pero vanse reforzar, é máis, hai un epígrafe no que se indica que se poden e se van facer controis en orixe. E, por último, falemos das garantías fronte aos riscos. Entendemos a sensibilidade das persoas traballadoras do campo, dos sectores como o vacún, e compartimos as súas reivindicacións, pero tamén hai que informar axeitadamente. Por iso o acordo limita a entrada de carne vacún a unha cantidade mínima que equivale a 220 gramos por cidadán europeo. Fálase de 99.000 toneladas de carne, pero é para toda Europa, e ademais contamos coas cláusulas de salvagarda bilateral para frear as importacións que danen o mercado e un fondo de compensación que permite a aqueles agricultores e agricultoras gandeiros e gandeiras, mil millóns de euros como unha póliza de seguro para as zonas rurais. Eu creo que ante as propostas tanto do Partido Popular como a do Bloque Nacionalista Galego, que fala de illamento, e de traizón -que fala o Bloque-, eu creo que este acordo Mercasur o que fai é garantir que Europa non quede fóra do maior bloque comercial do mundo. O BNG, cala ou tapa non sei supoño que non indica veracidade cando cala que as granxas de porcino e as de aves dependes do subministro estable de cereais e de soia que vén precisamente do Mercosur. Se pechamos esa porta, a alternativa ao custe do subministro vaise disparar e moitas van ter problemas para esa subministración. O que lle dicía das de 99.000 toneladas de carne vacún efectivamente para toda Galicia supón 220 gramos por habitante europeo ó ano. Creemos que é unha ameaza que se pode regular e ademais que se pode xestionar un filete de vacún por europeo ó ano, e ademais esa entrada de carne é un 45% conxelada, por lo tanto, de menor valor, e non compite coa tenreira galega, porque nós non competimos en cantidade, competimos en calidade que é esa marca de orixe que temos en Galicia. Sobre a reciprocidade e sobre a seguridade afirman que estes produtos entrarán sen control e non é verdade.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, moitas grazas. Pasamos ás segundas quendas. Señor Ameijide?

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: De calar e tapar saben bastante ben, tanto no Bloque como no Partido Socialista. No Partido Socialista especialmente que o de tapar déuselles moi ben nas últimas semanas, na Deputación coñecémolos de primeira man.

Di o señor Arroxo que lle sorprenda a actitude do Partido Popular. Non sei o que lles sorprende. Polas mañás quen lles fala e os que me rodean nesta bancada, estamos defendendo o sector nas concentracións e hoxe non estamos físicamente, porque nos é imposible, igual que me imaxino que lle pasa ao resto de compañeiros, pero é que durante todo o día estamos tamén defendendo desde todas as administracións, non teñan ningún tipo de dúbida. Os propios gandeiros sábeno e recoñéceno, por tanto non sei o que lles extrana dende o Bloque Nacionalista Galego que defendamos ó sector. O Partido Socialista gustaríanos que se aclarasen un pouco tamén na postura, porque, claro, temos por un lado ó señor Besteiro aplaudindo coas orellas dicindo que é boísimo para Galicia este acordo; á presidenta da Deputación dicindo que está en contra; ó alcalde, non o sabemos, e outro día estivo coa vicepresidenta do Goberno, non sei se lle dixo algo, pero, bueno, bastante teñen co que teñen tamén nesta propia casa, e o ministro Planas pedindo que se aplique de forma inmediata, sen dicir se se van garantir as cláusulas de salvagarda ou non. Pero volvo cos do Bloque, porque dende o Partido Popular o temos moi claro: Mercosur pode ser beneficioso sempre que se apliquen todas esas condicións e se non se aplican todas e cada unha, é negativo, ou pode ser negativo. Pero dende o Bloque terán tamén que dicirnos porque o Bloque, os do 'non', afeccionáronse tamén agora a estes idilios e romances prohibidos que agora lle van moito ó BNG, na Deputación, cos machitos e cos machismos, venderon o feminismo por 500.000 euros e en Europa aliáronse tamén, co outro extremo. Agora están aliados con VOX, pero explicáronlles realmente qué provoca para ese pacto que tiveron con Vox ós votantes, explicáronllo señor Arroxo? Explicáronlles que pode permitir a posta en marcha igual de igual xeito do Tratado do Mercosur, sen garantir a aplicación das cláusulas de salvagardar e sen garantir que as mercancías que entren no noso país cumpran estritamente os mesmos requisitos?, explicárono?, porque esta é a única verdade, ou qué pasa, que os do 'non' só saben dicir si cando se trata de dicir si a VOX, si a Bildu e si a Tomé?, e cando se trata desto, non, explicáronlle todo isto?. Explicáronlle que o seu modelo agrícola, a maneira que teñen de defender o BNG ós agricultores é o minifundio agrícola? Porque, claro, vostedes seguen instalados no minifundio ideolóxico. O seu modelo é o autoconsumo, o autoconsumo, isto é que queren, por iso non queren nin Mercosur, nin nada que implique a competitividade, a rendibilidade e a xeración de postos de traballo no sector primario. Non iso non o queren. Pero dende o Partido Popular volvemos a defender exactamente o mesmo: que se garanten os fondos PAC, os Feader e todos os fondos europeos; que se garanten nas cláusulas de salvagarda, que se garante o control fronterizo por parte do Ministerio, por parte do

Goberno Central, e nesas condicións, o noso sector non lle ten medo a nada nin á ningúen.

EXCMO. SR. ALCALDE: Grazas, señor Ameijide. Quenda agora para o señor Arroxo. Cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: O problema, señor Ameijide, é cando quen lle escribe os argumentos son una mezcla entre a señora Paula Prado e o señor Tellado pois acaban dicindo unha serie de consignas que non hai forma de enganchalas. Porque imos ver, non sei se sabe o que se votou o outro día no Parlamento Europeo, sabe o que se votou? Non ten nada que ver co que acabo de mencionar. Votouse levalo ao Tribunal de Xustiza Europeo para que o analice o tribunal. Nós evidentemente ímonos opoñer totalmente a este tipo de acordo polas razóns que xa dixen e por moitas máis que poderíamos estar aquí falando horas. Todo o contrario do que di o señor Rueda, o señor Rueda sae en declaracións públicas ducias de veces dicindo que o Tratado Mercosur é marabilloso. Qué é un auténtico impulso para a economía galega, é fantástico. Imos vernos súperbeneficiados. É o que está dicindo o señor Rueda, non sei se o escoitou? Escoitouno algunha vez falar do Mercosur ou só está lendo o que lle mandan aí escrito? Iso é o que debería aclarar primeiro. En segundo lugar, imos ver, Galicia importa ferial, si, por qué importa cereal?, basicamente por unha política de ordenación do territorio nefasta durante moitos anos. Temos unha porcentaxe de máis do 40% do territorio en total abandono que podería estar producindo, como outros estados da Unión Europea, caso de Francia, está producindo practicamente todo su territorio, nós non, témolo abandono por que?, por unha política nefasta. E podemos lembrar cando se quixeron facer cambios estratéxicos como era o Banco de Terras, ese que o Partido Popular dicía que ían dicíndolle polas casas á xente, a xente maior, os caciques de pobo ían polas casas dicíndolles á xente maior que lles ían a roubar as terras. Non sei se lembrades?, que lles ían roubar as terras co Banco de terras, cando era unha solución estratéxica para este país, e analistas internacionais dicíano, que era una solución para un país como o noso, que ten minifundio precisamente ,era una solución, pero non, o Bloque íalles roubar as terras á xente, iso é o que lles dicían vostedes, e perdemos unha oportunidade histórica de poder deixar de ter terras abandonadas a pasto do lume e producir cereal precisamente para que os animais tivesen alimento aquí e non houbese que importar. Polo tanto isto é o símbolo dunha catástrofe, tras unha catástrofe, non de políticas destructivas contra o territorio durante moito tempo e que agora basicamente o que se quere pretender, como se fixo no seu día, cambiar en beneficiar o aceite e a laranxa a cambio de estragar totalmente o sector do leite, da pesca e da industria naval. O que se busca agora con este acordo é basicamente cargarse totalmente o sector alimentario galego. Xa virá a carne de Arxentina ou Brasil, xa virá o mel de Arxentina ou Brasil, cargarse totalmente o sector alimentario galego a cambio de que Alemaña, sobre todo Alemaña, algúns países máis, poidan vender máis coches en Sudamérica, iso que hai detrás e que neste caso está apoiando. Nós, dende logo, imos estar totalmente en contra mentres.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Abelleira. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: En canto á proposta do Partido Popular, piden máis controis en fronteira, dacordo, están contemplados no acordo. Piden salvagardas. Tamén están contempladas no acordo. Piden firmeza en Madrid, curioso tamén por non chamarlle hipocresía, porque a firmeza do Goberno de España e a súa posición foi clara desde o principio, á parte que vostedes no 2019, naquel acordo, que é bastante peor co que se está tramitando agora mesmo, aplaudiron a bombo e prato. Pero ben, o Partido Popular sempre coa súa dobre cara. Decía vostede non fai moito que non se pode soprar e sorber, pois é o que están facendo neste caso. Resulta curioso que o PP de Lugo, unha que se autoemente porque non lle debeu gustar a primeira proposta e outra que se poña detrás das pancartas dicíndolles aos gandeiros que os apoian cando están en contra supuestamente deste acordo, que eu creo que é porque a información chégalles sesgadamente. Pero a min o que verdadeiramente me preocupa, e ademais que o inclúan na súa proposta, é ese recorte da PAC, que é polo que se van mobilizar agora, verdadeiramente o sector agrogandeiro de Galicia, que propón o Partido Popular de Europa e que apoia o Partido Popular Español do recorte do 20% da PAC, iso si me preocupa, porque iso si que non é apostar polo sector primario. Son 80 millóns de euros menos para Galicia, e si me preocupa iso e estase traballando, que ao mellor é esa cortina de fume que necesita a Von Der Leyen para levar a cabo as súas iniciativas. E, como lle digo, entendemos este acordo ben explicado e ademais pretendemos que se cumpran todas as cláusulas que recolle este acordo, por iso non podemos compartir o rexeitamento absoluto que propón o Bloque Nacionalista Galego na súa proposición, pero tampouco a lectura simplista de autobombo do Partido Popular, que converte todo o debate nun ataque político contra o Goberno de España, aproveitando a situación, obviando que o promotor deste acordo e quen ten prisas de aprobalo é o Partido Popular Europeo. Polo tanto, nós mantemos esa posición coherente cos principios que acabo de expoñer en todas as intervencións, priorizando sempre a defensa real do sector agrogandeiro e, ante calquera tentación de propaganda, como nos ven ou nos ten acostumados o Partido Popular, Por iso cremos que este acordo de Mercosur de decembro do vinte e catro é positivo para 27 dos países da Unión Europea e que vai garantir estar no contexto económico real que é no que vivimos actualmente.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señora Abelleira. Imos coas quendas de peche. En primeiro lugar un minuto o señor Rubén Arroxó, cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas, sería un pouco raro pechar antes da contrarréplica.

Ben, eu simplemente vou pechar amosando todo o noso apoio, a nosa solidariedade, a todo o sector gandeiro, sector apícola que se está a mobilizar hoxe

en Lugo, pero tamén noutras cidades. Está habendo tamén mobilización en Santiago de Compostela, hoxe mesmo, e vai haber a semana vindeira en varios puntos, polo tanto, trasladarlle todo o noso apoio porque, dende logo, son as persoas que fan que se manteña poboación no noso rural que fan é precisamente o noso rural estea coidado, e son as persoas que fan que teñamos alimento de calidade. Imos seguir dándolles todo o noso apoio e toda a nosa solidariedade nesta loita.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Señor Ameijide, cando queira.

DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO: A postura do Partido Popular, a postura do presidente Rueda e a postura de todos nós é moi clara e moi contundente: Nin unha soa tonelada de mercancía pode entrar no noso país sen cumprir exactamente as mesmas condicións ca os noso produtores. Non se pode activar o Tratado Mercosur se non se activan inmediatamente as cláusulas de salvagarda que protexan o noso sector. E esta é a postura da que non nos imos mover, en ningún caso, do Partido Popular.

No BNG si que deberían explicar a súa eurodeputada a tempo parcial, esa que comparten con outros, non vou dicir con quen, debería explicarlles a repercusión que ten o acordo que adoptaron o outro día. Porque nós non nos fai falta que nolo explique Tellado, nós temos fío directo...vós non sei se coa súa eurodeputada a tempo parcial e xornada discontinua a teñen, pero nós si, si que temos trato directo cos nosos eurodeputados e dixéronnos as implicacións reais que ten o seu acordo entre BNG e VOX e é un risco real para o sector. Non os enganan máis. Abandoen o minifundismo ideolóxico porque o noso sector quere competir, pode competir, sabe competir, e ten que ser rendible, e vaino ser, se polo BNG fose, non o sería.

EXCMO. SR. ALCALDE: Señor Ameijide, moitas grazas. Ben, pois como dicíamos ao comezo e como acordamos na Xunta de Voceiros, imos proceder a votar por separado estas proposicións.

4/4 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 23/2026 DE REXISTRO DE PLENO, POR UNHAS INFRAESTRUTURAS ESENCIAIS E COMUNICACIÓNS DIGNAS PARA O FUTURO DA PROVINCIA DE LUGO (Exp. 2026/G004/000019).- Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“Os problemas de conexión e mobilidade na cidade de Lugo é algo que leva anos preocupándonos aos veciños deste municipio, ata o feito que distintas asociacións da cidade se reuniron hai escasas datas de cara a poñer en marcha unha fronte común para demandar estas infraestruturas, imprescindibles para os lucenses e para o seu futuro.

Desa reunión xurde un manifesto no que a sociedade civil da provincia de Lugo expón a súa fonda preocupación polo atraso acumulado en materia de

infraestruturas e comunicacións e reivindicar un Lugo mellor conectado como corresponde ao século XXI.

Neste documento expóñense distintas necesidades:

Modernización ferroviaria, acceso á alta velocidade e necesidade de frecuencias

Lugo e a súa provincia atópanse á cola en materia de comunicacións ferroviarias: continúa e continuará sendo a única provincia galega sen acceso á alta velocidade ferroviaria. Ademais redución de frecuencias e retirada de traxectos, condicionan e lastran a competitividade do territorio e das súas empresas e cidadáns fronte a outras provincias.

Lugo tamén queda á marxe do Corredor Atlántico de Mercadorías, o que supón unha desvantaxe significativa para as empresas e sectores produtivos, para os portos interiores e para toda a cadea loxística da provincia.

É preciso tamén que Lugo non quede sen servizos de cercanías, nin sen comunicacións con outras cidades e provincias como Santiago e A Coruña.

Mellora das conexións viarias para a vertebración do territorio

As comunicacións e a vertebración de Lugo e a provincia require tamén dunha rede de estradas en bo estado e autovías completamente operativas. Son inaceptables as demoras na construción e posta en servizo das autovías A-54 (Lugo – Santiago), a A-56 (Lugo – Ourense), a A-74 (Costa Norte) e a A-76 (Ponferrada – Monforte – Ourense) e a situación do firme das estradas ante o seu insuficiente mantemento condicionan a seguridade viaria, a mobilidade e o atractivo económico do territorio.

Reverter o agravio territorial

Lugo leva décadas soportando un nivel de investimento moi inferior ao necesario para garantir a igualdade de oportunidades. Mentres outras áreas recibiron actuacións estruturais de gran envergadura, en Lugo seguen pendentes obras fundamentais que unan o territorio, conecten provincias e den oportunidades aos cidadáns.

A necesidade dunha acción inmediata e planificada

Estase chegando a un momento límite, a un punto sen retorno, no que temos que esixir que se actúe con responsabilidade, compromiso e visión de país. E debemos reivindicar o mesmo dereito e a mesma prioridade que outros territorios para defender e garantir o noso futuro.

Lugo non pode seguir quedando atrás nas infraestruturas que determinan o seu futuro económico, social e demográfico.

Por todo o exposto, e recollendo esta demanda social, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta esta proposición para que o pleno municipal acorde:

PUNTO ÚNICO.- Requirir ao Goberno do Estado, así como ao resto das administracións competentes, que sitúen a Lugo na axenda prioritaria das infraestruturas estratéxicas, tendo en conta:

- Garantir a chegada real da Alta Velocidade a Lugo, cun calendario público e vinculante.
- Incrementar os traxectos e frecuencias ferroviarias, construción dunha conexión con Santiago, creación dunha Rede de cercanías.
- Garantir a integración de Lugo no Corredor Atlántico de Mercadorías.
- A execución e impulso definitivo das autovías comprometidas (A-54, A-56, A-74 e A-76).
- Plan de mellora do mantemento da rede viaria en Lugo, recuperando niveis de conservación adecuados que garantan a seguridade e a competitividade.
- A equiparación dos servizos e conexións no ámbito da mobilidade, as telecomunicacións e o acceso ao subministro eléctrico para a industria de Lugo con respecto a outras cidades e provincias do entorno."

Tendo en conta, así mesmo, a emenda "in voce" presentada polo voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no transcurso do debate, na que propoñía a inclusión do remate do desdoblamento do corredor Nadela-Monforte e que se retirase a autovía A-76 da parte resolutiva da proposición. Emenda que foi aceptada polo Grupo Municipal do Partido Popular, autor da iniciativa.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, coas modificacións introducidas pola emenda "in voce" aceptada, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|---|
| - Votos a favor: | 17 | dos Grupos Municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Votos en contra: | 8 | do Grupo Municipal do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

Requirir ao Goberno do Estado, así como ao resto das administracións competentes, que sitúen a Lugo na axenda prioritaria das infraestruturas estratéxicas, tendo en conta:

- Garantir a chegada real da Alta Velocidade a Lugo, cun calendario público e vinculante.
- Incrementar os traxectos e frecuencias ferroviarias, construción dunha conexión con Santiago, creación dunha Rede de cercanías.
- Garantir a integración de Lugo no Corredor Atlántico de Mercadorías.
- A execución e impulso definitivo das autovías comprometidas (A-54, A-56, A-74) e o remate do desdoblamento do corredor Nadela-Monforte.
- Plan de mellora do mantemento da rede viaria en Lugo, recuperando niveis de conservación adecuados que garantan a seguridade e a competitividade.
- A equiparación dos servizos e conexións no ámbito da mobilidade, as telecomunicacións e o acceso ao subministro eléctrico para a industria de Lugo con respecto a outras cidades e provincias do entorno.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, defende polo Partido Popular, a señora Candia, cando queira.

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Ben, moi bo día a todos e todas, Eu tamén especialmente, xa non só por que estean representados por un sindicato que é Comisións Obreiras, senón moi especialmente aos traballadores desta casa, que nun exercicio de responsabilidade, pero seguro que preferían estar noutro lugar, vense obrigados a visitarnos no Pleno, como tantas veces fixeron nesta lexislatura, dito sexa de paso, e que desgraciadamente pouco se avanza non?

Realmente, a iniciativa que agora imos defender, que non estaba redactada para ser unha moción, nin moito menos, estaba pensada para ser unha declaración institucional, ten tamén moitísimo que ver coa actitude, coa maneira de gobernar, realmente, coa forma de ser e de facer a política que ten estes dous grupos políticos que teñen neste momento o Goberno, como vostedes saben, a pesar de perder as eleccións. Non escoitar, por suposto, non implicarse, non priorizar, non dedicarlle tempo ó que realmente é fundamental para o correcto funcionamento desta administración local, pero tamén desta cidade e por extensión desta provincia, porque sempre dicimos, somos a capital e temos que ser o motor.

Dicía hoxe o alcalde, probablemente nun exercicio así de sinceridade, cando a secretaria nos explicaba o funcionamento da sesión plenaria nun debate conxunto é bueno, a minoraba un pouco esa explicación, que máis dá, se total dou eu a palabra, como se fora o poder absoluto, o dictatorial, como si fora el realmente o que pon as calles cando vén aquí ó Concello, porque é a maneira que ten realmente de facer as cousas: 'Yo me lo guiso, yo me lo como' eu son o que manda, e non é así. Non creo que foi un erro que isto non se reconducise a unha declaración institucional e, se me apuran, ademais nun momento no que debemos ter unha sensibilidade maior despois do terrible accidente que houbo ferroviario, que tamén quero ter un recordo de afecto ás familias e ás vítimas, e un desexo de pronta recuperación. Estamos nunha provincia illada. Ó BNG parece que só lle preocupa cando veñen as eleccións ou cando pode usalo de arma arrojadiza contra o Partido Popular. Despois todos sabemos que chegan alí e colequean con Pedro Sánchez nos pasillos e fan o que lles mandan, e ante calquera grito, ben o viron agora o que pasou na Deputación. Tardaron horiñas en dicir 'non se preocupen déannos unhas calderillas que nós axudamos a que sigan aí', esa é a realidade, ese é o compromiso, iso é o que teñen que saber os lucenses. Nós tiñamos unha axenda de entendemento. Houbo moitas iniciativas aquí que se votaron por unanimidade e a sociedade civil, representada por entidades representativas do sector económico, do sector veciñal, convocámonos, estivemos nunha reunión e trasladáronos que igual que estaba facendo Ferrol, outra das cidades coas que estamos hermanadas e que hai un déficit de infraestruturas clarísimo, querían alzar a voz e querían facelo dunha maneira consensuada. Por iso, insisto, intentamos que este texto fora unha declaración institucional, pero parece que non, a senda que entendía nalgúns momentos, non sempre, pero nalgúns momentos e que o fixo hai que darlle nese aspecto un recoñecemento, Lara Méndez, ou que fixo, por suposto, Paula Alvarellos, en paz descanse, que defendía as iniciativas, dicía no que nos une, por suposto, imos estar xuntos. Aquí quixeron romper ese acordo e nós evidentemente non podemos permitirmos que isto quede no esquecemento, porque efectivamente non somos iguais, iso está claro. O modelo de cidade non é o desa brigadiña de catro persoas, dez ou quince, coa espada de Damocles, de ser un interino, que cando remate e van aí ver se o alcalde lle renova, non con funcionarios libres, independentes, imparciais e profesionais, non, ese que teño eu controlado. E ademais temos dúas dunha que manda o Bloque, ese non é o modelo de cidade que buscamos. O modelo de cidade é dun alcalde que reivindique unhas infraestruturas que teña servizos públicos fortes e que, por suposto, dea resposta ao que se necesita nesta cidade. E de verdade que non entendemos que nos vaian anunciar algo, porque é verdade e aí hai que recoñecerlle a vostede que ao pouco de tomar posesión tivo unha reunión co delegado do Goberno, unha reunión que ademais dunha maneira moi amable, non sei porque tan tan preocupados de moitas cousas porque a verdade teño que dicirle que ten que invitar a algunha muller a algunhas reunións que últimamente, se sacamos as últimas vinte fotos que publica vai vostede solo, non sei se é que desconfía...ben, desconfía, efectivamente teno demostrado, e ao mellor nalgúns casos non sei se é certo ou non, pero o que está claro é que ten que

verse unha mensaxe máis participativa. Pero máis alá desa anécdota, vostede saíu hai xa varios meses dicindo que acababa de ter un compromiso co Goberno central en materia de infraestruturas, e dicía que...aquí está a foto [amosa], non digo xa o que recollen os medios, digo o que publica vostede na páxina oficial do Concello, que antes de que remate o ano estaría iluminada a rotonda de Nadela, aínda seguimos esperando por non ter, non tivo nin un só árbol de nadal.

EXCMO. SR. ALCALDE: Quenda para Rubén Arroxó, cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas. Ben, o Partido Popular trae unha proposición, estando de acordo na inmensa maioría dos puntos, algúns falaremos agora. É certo que é unha proposición que trae agora de forma continuada cando está na oposición do Goberno do Estado, porque cando estaba no Goberno do Estado tamén vivimos como os peores orzamentos da historia de Galiza dos últimos 40 anos, foron co Goberno de Mariano Rajoy, foi cando menos investimento se fixo durante varios anos, e agora, bueno, pois paréceme moi ben que o Partido Popular está ben que estea na oposición do Estado, porque é cando se volve reivindicativo para as cuestións de Galicia, cando goberna xa non, xa se esquece. Pasaba tamén daquelas que cando estaban aquí apoiaban cousas que nós temos presentado mocións precisamente solicitando investimentos ao Partido Popular, dicindo que si que facían falta, pero cando cruzaban Pedrafita se lles esquecía. Entón chegaban ao Congreso e votaban outra cousa. Entón nós sempre todo o que sexa reclamar infraestruturas necesarias para unha cidade como é Lugo, unha provincia coma Lugo que, evidentemente, ten moitas demandas, imos estar aí con matices que agora mencionarei.

Evidentemente a situación do ferrocarril na cidade de Lugo, en concreto no resto das comarcas tamén, pero na cidade de Lugo pois é a que é, a que todas e todos coñecemos, tampouco hai que explicar máis. Si que agardamos e ademais creo que se conseguiron algunhas cousas como que por fin foi un acordo precisamente que impulsou o Bloque Nacionalista Galego cun só deputado galego que ten, o Partido Popular ten, non sei se son 12 ou 14 no Congreso, un só deputado galego promoveu que se iniciase o trámite para o estudo para conectar Lugo con Santiago de Compostela a través de ferrocarril, que non é unha conexión moi complicada con vinte e sete quilómetros entre Curtis e Ordes se pode facer e, polo tanto, se se electrifica a liña Lugo-A Coruña, pois evidentemente aí podería haber unha modernización importante do ferrocarril que necesitamos. Tamén, evidentemente, hai que rematar dunha vez a autovía Lugo-Santiago, e que haxa un avance serio coa Lugo-Ourense, que son vías estratéxicas, sobre todo para o interior do país, que agora mesmo pois ten problemas serios de comunicación. Por certo, falando do interior do país, unha vertebración necesaria e urxente e xa por seguridade, é rematar desdoblamento do corredor Nadela-Monforte, que lle compete á Xunta, por iso queremos engadir unha emenda a esta solicitude de infraestruturas, unha emenda que simplemente diga esixirle á Xunta que remate o desdoblamento do corredor Nadela-Monforte, cremos que é estratéxico para a nosa provincia, e sobre todo para a seguridade dos condutores que por aí circulan.

E despois hai outro punto que queremos tamén emendar de supresión, é a retirada destas cuestións que se esixen da A-76 da autovía Ponferrada-Monforte-Ourense, e por qué, xa o temos falado en máis Plenos. A A-76 precisa de moitos estudos todavía previos. Hai risco real de que a execución da A-76 leve por diante...que destrúa a posibilidade de que a Ribeira Sacra sexa Patrimonio da Humanidade. Hai moitas advertencias ante isto e, polo tanto, entendemos que ata que isto non se clarifique, a ter que non se clarifique se a A-76 vai influír en que a Ribeira Sacra sexa Patrimonio da Humanidade ou non, non se debe propoñer a súa execución. Polo tanto, cremos que se debe retirar, non é que esteamos en contra a que haxa unha autovía que faga de alternativa á Nacional 120, pero si que se precisa moito traballo previo, polo tanto, queremos que de momento non se debe impulsar esa autovía ata que iso estea totalmente clarificado. Polo tanto, pola nosa banda, se aceptan estas dúas emendas, nós imos votar a favor.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a señora Abelleira. Cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: En primeiro lugar, queremos deixar claro que o noso grupo comparte o diagnóstico de fondo desta desta proposición, é máis, en setembro aprobouse unha idéntica e di vostede que iba a ser una declaración institucional, pois houbéaa presentado á Xunta de Portavoces, porque seguramente estivéramos a favor dela, pero a mín chéirame a outra cousiña, como nos ten acostumado, e ademais meteui pinceladiñas, porque como falaba de infraestruturas, igual necesitaba o oportunismo ao que nos ten acostumado o Partido Popular por outros casos que están lamentablemente sucedendo no territorio español. Pero saíndo diso, señora Candia, como tamén din as demandas da sociedade civil, empresarial, así como este Goberno, e levámolo manifestando intentando impulsar todas estas necesidades de infraestruturas que efectivamente ten Lugo, que pretendemos avanzar nelas para que sexan esas conexións dignas que merecemos na cidade e no municipio e na provincia e en Galicia; agora ben, moita propaganda e poca autocrítica, porque xa en setembro llo dixen, é que cando gobernan...están mellor na oposición, porque cando gobernan non se acordan de Lugo para nada. Cando están na oposición todo se fai mal, entón, se lei con atención a proposición do Partido Popular, ademais desas...ben eu creo que son problemas de descoñecemento, pero é que iso non se pode aprobar porque non é real o que propón esta moción. Lugo está mal conectada, efectivamente, pero non só a culpa a ten o Goberno de España, o PP ven aquí salvarnos, reclamando infraestruturas esenciais e comunicacións dignas para o futuro da provincia de Lugo, pero non menciona nin unha soa vez á Xunta de Galicia, é dicir, é que aquí, como moitas veces dixo o señor alcalde, hai que pedirlle a todos, independentemente do color que sexa, e que nin unha soa vez aparece a responsabilidade doutras administracións gobernadas polo Partido Popular, que leva quince anos en Galicia, e nin sequera unha autocrítica, en setembro llo dixen, o Estado foi gobernado por Rajoy sete anos e reduciuse, eu creo que máis dun 60%, o investimento en infraestruturas para Lugo. Non aparece o atraso de Lugo,

que non é un fenómeno meteorolóxico, señora Candia, é o resultado das políticas concretas que dende os orzamentos da Xunta de Galicia e do Estado Español non deixaron que avanzara esta provincia en infraestruturas, polo tanto, coma sempre, veñen lavar a cara, pero eu creo que a intención desta proposición era outra, o PP o que quere neste Pleno é que se aprobe un relato que só ten de culpable ó Goberno de España e a Pedro Sánchez, porque non sei cuántas veces o repetiu na súa exposición, pero lava as mans ou esconde ou blanquea o traballo da Xunta de Galicia que ten obrigación de facelo. A moción recolle cuestións que todos conocemos e nas que estamos de acordo, que Lugo segue a ser a única provincia galega sen acceso real á alta velocidade -pero estase demandando-; que a nosa provincia quedou fóra do corredor Atlántico e de mercadorías -estase tamén falando- pero é que non é competencia do Concello de Lugo, é que hai moitas administracións en canto as autovías. A A-54 Lugo-Santiago, estase rematando, a A-56 Lugo-Ourense en vías, a A-74 da Costa da Morte e A-76 ten eses problemas. O estado de conservación de moitas estradas por suposto que é mellorable, pero temos que seguir reivindicando para garantir esa seguridade e a competitividade de conexión. Nada diso discutimos, señora Candia, o problema é que no listado non aparecen outros traballos que deberían facer outras Administracións e que desde este Goberno imos seguir reivindicando. Calan a responsabilidade da Xunta. Nós e sábeo porque tanto na Deputación coma no Parlamento de Galicia, o PSdeG presentou alternativas aos orzamentos para que se levaran a cabo accións en infraestruturas. Denunciouse tamén a mutilación do corredor Nadela-Monforte, que agora vai quedar en Nadela-Sarria, e non resolve as necesidades reais do territorio de Lugo. Polo tanto, señora Candia, eu creo que cando se presenten proposicións e se pretende unha declaración institucional presénteas como a ten que presentar, non ao Pleno, precisamente para tratar o tema.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señora Abelleira, segunda quenda para a señora Candia.

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: En primeiro lugar, agradecer o apoio do Bloque Nacionalista Galego e comentarlle, claro, que por suposto non hai ningún inconveniente en que apartamos a A-76, ademáis a nós o que nos importa neste Pleno en concreto é aquilo que afecte máis directamente á cidade. Creo que non poño en dúbida que se iso se impulsara polos funcionarios...é que vostedes teñen unha gran desconfianza dos funcionarios e iso é un problema, porque non teño ningunha dúbida co Ministerio se plantea esa infraestrutura, sería cumprindo e respectando, non poñendo en perigo a Ribeira Sacra, pero que iso non sexa obxecto de debate. Tamén, por suposto, sabe que xa está en licitación unha parte moi importante do desdoblamento e, por suposto, o proxecto que continúa ata Monforte. Si lle agradecería que cando emende unha proposición no la dea por escrito, por lo menos para saber o que estamos votando, pero ben supoño que será unha artimaña para poder...a ver se non entendo ben e ao final pois non lla acepto para xustificar o voto en contra, pero non pasa nada. O importante é chegar a acordos. Creo que as infraestruturas é un tema importantísimo nesta cidade e

agradézolle pois que apoia a nosa iniciativa. Respecto á voceira do Partido Socialista eu creo...sempre e cando intervén intenta desacreditar o noso traballo, 'non sabemos', 'non nos enteramos', 'alguén nos presenta as cousas', eu creo que iso xa non é crible, eso xa é un consello persoal. Eu creo que debería eliminar esa argumentación nos debates porque ademais voulle dicir unha cousa, sempre o intento contestar con moito respecto, porque comete incorreccións, que nalgúns dos casos con datos, acabariamos evidenciando que, en cambio a súa intervención si que fai un clamoroso ridículo e como sei que o fai con boa fe, seguramente na maioría dos casos, pois creo que deberíamos de centrarnos un pouco no asunto, porque efectivamente é hoxe e que ademais coa compañía que temos no Pleno pois se cadra tiña que ser como responsable de Persoal, a que con máis humildade se dirixira nos seus debates, porque pedirlo aos demais e presumir do que claramente carece pois déixaa ademais nunha postura de moi pouca credibilidade. Pero imos centrarnos no de infraestruturas. Efectivamente o modelo de cidade de Lugo ten que ter unha ambición e eu si o que dixo o señor Arroxo, dixerao o primeiro ano con responsabilidades neste Concello, de pedir un informe, ou como dixo o señor alcalde o 18 de xuño, que foi reunirse con Renfe e comprometéronse en facer un informe e no seu caso, implementárase no menor tempo posible, pero qué me están contando?, levan gobernando esta cidade dende o ano 99, saben perfectamente ou din saber as necesidades que ten, non o respectan nin os seus, e imos dar por ben a petición dun informe? Queremos solucións, que se recuperen as frecuencias, que se faga un correcto mantemento das vías, queremos o liderazgo señor alcalde, ten que traballar un pouco máis.

EXCMO. SR. ALCALDE: Rematou o seu tempo, moitas grazas. Pasamos á señora Abelleira, cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Moitas grazas señora Candia polos seus consellos de humildade, de oportunismo e de ridícula que son. Tereino en conta para as próximas intervencións.

Dende logo, nos últimos anos Lugo avanzou e púxose fin a A-54 Lugo-Santiago, e estase poñendo fin a unha infraestrutura vital que sufría unha parálise evidente, sobre todo nos gobernos do Partido Popular. Avanzouse tamén na Estación Intermodal de Lugo, unha vella reivindicación que comezou a ser realidade coa implicación das distintas administracións grazas aos contactos que se foron realizando cos distintos gobernos. Pero é que a que falta sempre, señora Candia, é a mesma, é a Xunta de Galicia, e dende logo que faltan moitísimas cousas por facer en materia ferroviaria, en altas prestacións, en cuestión de frecuencias, de conexións co resto de Galicia e coa meseta. Pero é que temos que seguir reivindicándoas, porque isto non é un problema exclusivo de Lugo e para que cheguen eses avances temos que gobernar e tratar con todas as administracións implicadas, porque o compromiso do Concello de Lugo é conseguir claramente ese equilibrio territorial que necesitamos para seguir sendo competitivos, e a nosa obriga como concelleiros e concelleiras é esixir e recoñecer con honestidade, pero da de verdade, con honestidade, os pasos dados e diferenciar a quen cumpre e

quen leva anos anunciando e sen executar e polo tanto, a postura do Partido Socialista: si ás reivindicacións xustas, si as peticións xustas pero non ao uso partidista ao que nos ten acostumados o Partido Popular. O noso grupo deixa claro que defendemos e levamos defendendo e seguiremos defendendo dende hai anos que queremos un Lugo mellor conectado; que chegue a alta velocidade e un calendario público serio e cumprible, que é o que está o alcalde demandando en todas as reunións cos responsables que teñen competencias no tema. Queremos incremento desas frecuencias ferroviarias e queremos todas as infraestruturas necesarias para Lugo, porque é no que estamos traballando e sempre traballamos con un pé firme, ao mellor máis lento ou non chegan á velocidade que nos gustaría, pero defendemos con coherencia, señora Candia, reclamando ao Estado o que é do Estado, á Xunta o que é da Xunta e sen silenciar a ningunha Administración e, se non chegan, tamén imos ser os primeiros que os reivindicemos coa cidadanía, porque seguramente teñen os mesmos desexos que o alcalde, os concelleiros e concelleiras do Partido Socialista de que esas infraestruturas cheguen a Lugo. Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Ben pois eu a verdade é que non tiña pensado intervir neste punto pero por esas alusións tan directas da señora Candia, algo direille, ademais sei que no fondo estano esperando.

Mire, señora Candia, se vostede quixera traer esta proposición como unha declaración institucional tíñao moi fácil, sabe perfectamente cómo se fai, lévase á Xunta de Portavoces, consensúase e tráese aquí. Cál é o problema, que a súa intención non era esa, o obxectivo era outro porque vostede dedicou o 99% do seu tempo a falar de todo menos das infraestruturas de Lugo que é o que menos lles interesa. Falou da miña persoa, déulle consellos á portavoz socialista sen que llos pedira, tachou á brigada de 'brigadiñas', nun tono despectivo que espero que non sexa intencionado e se lle escapara. En fin, o que buscaba aquí non era precisamente solucionar temas de infraestruturas senón, unha vez máis, desprestixiar a este Goberno, ou tratar de desprestixialo, e sacar rédito político. Pois mire, non lle escoitei en todas as súas tres intervencións as palabras 'alta velocidade', 'frecuencias ferroviarias', 'rede de cercanías', 'A-54', 'A-56', si lle escoitei 'alcalde', 'portavoz', tratou de inmiscuirse en temas internos dos grupos municipais. Mire eu levo tempo traballando co Ministerio e cos responsables nestes temas ferroviarios e de infraestruturas, estamos avanzando, se chegamos a resultados positivos benvidos e estaremos satisfeitos e se non o facemos, como xa lle dixen noutra ocasión, xa o dixen neste Pleno, seremos os primeiros en poñernos á fronte reivindicando esas infraestruturas necesarias, sexa da cor política que sexa quen sexa o responsable. Esa é a miña postura que mantiven e que sigo mantendo. As cousas levan o seu tempo non se pode facer unha planificación ferroviaria da noite á mañá e illada do resto da rede de toda a península e de todo Galicia, así que dito todo isto pasamos votar.

5/5 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 24/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A RECONVERSIÓN DAS CALDAS DO

ACTAS E GOBERNO

AMRG/jch/cal

Refª: ispac5256112261728678799.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-1-2026

MIÑO NUN ESPAZO MULTISERVIZO, MANTENDO A INFRAESTRUTURA EXISTENTE E ADAPTÁNDOA A NOVOS USOS (Exp. 2026/G004/000020).- Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“As Caldas do Miño é unha infraestrutura municipal feita con financiamento europeo.

As instalacións, inauguradas en marzo de 2023, supuxeron un gasto para as arcas municipais de entorno a 1.4 millóns de euros, tendo en conta o custe da obra e do seu mantemento.

Nos case tres anos dende a súa posta en marcha, houbo peches continuos algúns de oito meses e este último que tivo lugar en setembro e a día de hoxe segue sen actividade.

O Grupo Municipal do Partido Popular considera que, nun contexto de subida de impostos e incremento da débeda municipal, o goberno local debe garantir un uso eficiente e responsable das infraestruturas financiadas con fondos públicos, xerando novas hipotecas para os lucenses. Por este motivo, propoñemos nesta iniciativa redefinir o uso das Caldas do Miño mediante alternativas viables que permitan poñer en valor a instalación.

Neste sentido, a contorna do río Miño, amplamente utilizada para a práctica deportiva e de hábitos saudables, ofrece unha oportunidade clara para reorientar esta infraestrutura cara a usos alternativos vinculados ao deporte e á vida activa, permitindo optimizar o investimento xa realizado e evitar que continúe a xerar custos innecesarios para a cidadanía de Lugo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

1. Que se estuden as alternativas compatibles coa normativa vixente para reorientar o aproveitamento das Caldas do Miño.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	12	do Grupo Municipal do Partido Popular.
- Votos en contra:	13	dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, ten a palabra polo Partido Popular o señor Vázquez. Cando queira.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Muy buenos días, muchas gracias señor alcalde, darles también la bienvenida a los compañeros y amigos de Comisiones Obreras y, por supuesto, animaros, animarles a que continúen con las reivindicaciones que al final pues también son las de todos.

Bueno, en primer lugar, decir que las Caldas do Miño se ha convertido para este Gobierno, como en muchos otros proyectos que trae este Gobierno, en un enorme trozo de carne que un niño mete en la boca, le da vueltas, se queda quieto, se queda callado, parece que no mueve la boca pero esa bola de carne sigue exactamente ahí y son ustedes incapaces de deglutirla. Hablamos de una instalación pública que costó mucho dinero, que se anunció como un gran proyecto y que a día de hoy representa tres cosas muy claras por este orden, que son los cierres, el gasto y la mala gestión. Y lo digo con datos para que no haya dudas. En primer lugar debemos recordar que las Caldas fue un proyecto que costó su licitación aproximadamente casi un millón de euros, un millón de euros del cual el 80% fue en este caso lanzado también por los propios fondos europeos, y lo cual además, lo que representa al final pues ha demostrado que ha sido una ocurrencia que tuvieron en su momento. Y digo que ha sido una ocurrencia porque hablamos de un dinero público, lo cual tiene una responsabilidad que es muy clara, y la responsabilidad es que esto funcione y que sea útil para la ciudad, desde luego no está funcionando, es algo que es constatable durante estos últimos años y, desde luego, no es útil para la ciudad porque no está en funcionamiento. En primer lugar, hay que hablar de cuál es su funcionamiento real. Estamos hablando de unas instalaciones que durante estos tres años, pues ha sido una instalación que ha vivido un patrón que ya conoce todo Lugo, el patrón es que abre, cierra, vuelve a abrir, vuelve a cerrar, vuelve a abrir y vuelve a cerrar. Esta es la realidad y con lo cual, pues lógicamente hablamos de un servicio público que tiene directamente dos consecuencias con este patrón que ustedes siguen: en primer lugar es que la ciudadanía pierde completamente la confianza en el Gobierno y, en segundo lugar, que el dinero público se va por el desagüe. En tercer lugar, habría que tener en cuenta, tenemos que tener en cuenta el coste que tiene mantenerla abierta, y es que con los datos de los gastos que constan a día de hoy en contratos y consumos, la realidad es que si echamos una cuenta muy sencilla, una regla de tres de cuánto ha costado la instalación y cuánto cuesta mantenerla abierta y el coste de mantenimiento de cuando está cerrada, aproximadamente los datos son que son 28.000 euros al mes, es decir, casi un gasto de 1000 euros diarios y en ese coste, pues se incluyen cosas muy básicas como son el mantenimiento, el socorrismo, el

gasto de luz, el gasto de agua, y esto es lo que hay que explicarle con claridad a la ciudadanía. Porque miren, mantener las Caldas abiertas tiene un coste, pero tenerlas cerradas sigue teniendo un coste y además sigue teniendo un coste ya desde el punto de vista de que no están siendo utilizadas. Su uso pues cuesta lo que cuesta después de tener un uso limitado en muchas ocasiones, bien por la temperatura, que habían sido concebidas como unas Caldas termales -obviamente, otra ocurrencia por parte del Gobierno- muchas veces también por esta realidad y el cierre, el resultado es evidente, y es que no estamos aprovechando una infraestructura que ha costado mucho dinero y que actualmente se encuentra totalmente infrautilizada. Y además de todo esto viene la parte más seria, que es la salud pública. Hubo una crisis de legionella, que ustedes además, una crisis sanitaria, donde aquí lo mínimo exigible es el rigor, el control, la rapidez, y aquí fue exactamente todo lo contrario. Lo que nos encontramos fue una falta de previsión, falta de rigor e inseguridad y desconfianza. Lo que desde luego no podemos admitir, por parte de nuestro grupo, es que la ciudadanía tenga la sensación permanente de inseguridad y que esté totalmente desinformada y que no se sepa ni cuándo ni cómo ni de qué forma piensan ustedes arreglar el desaguisado que han formado, tanto en este proyecto de las Caldas como muchos otros que tienen, podríamos nombrar el carril bici, el famoso edificio verde, etcétera, etcétera. Porque yo les hago una pregunta muy clara y es que yo no sé si ustedes son capaces de explicarnos aquí ahora mismo, en qué punto exacto se encuentran las Caldas, es decir ¿qué solución le van a dar ustedes a esto? Y el diagnóstico es muy sencillo, y es que el modelo actual está demostrado que no funciona. Con lo cual nosotros lo que pedimos exactamente en esta moción es que el Ayuntamiento estudie alternativas para reorientar el uso de las Caldas manteniendo la infraestructura existente y que esté dentro de lo que es la propia normativa europea, por supuesto, para que no siga generando un coste, un gasto adicional a la ciudadanía de Lugo.

EXCMO. SR. ALCALDE: Gracias, señor Vázquez. Ten agora a palabra o voceiro municipal, señor Jorge Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas alcalde. A verdade, señor Vázquez, é que como novelista neste escenario dantesco que acaba de presentar pois teremos que falar con Oliver Laxe para que lle dea un sitio como guionista nas súas películas, pero, bueno, imos falar das Caldas. Estamos aquí para iso. E o primeiro é informar de que levan cerradas porque despois de analizar o rexistro de aforo que temos en relación á súa apertura pois se decidiu de que era a mellor época para abrilas na tempada de primaveira-verán que era cando máis xente estaban a rexistrar. Polo tanto, non custan 28.000 euros ao mes, como está dicindo vostede cada mes, porque efectivamente, se están pechadas, non hai socorristas, iso o primeiro. Despois, ben, gustárame que se poñan de acordo, porque na proposición din que estivo pechada da oito meses e na prensa sacaron que estivo un ano. O primeiro será poñerse de acordo entre o que sacades en prensa que a proposición e despois poderemos empezar un debate neste salón de Plenos. Máis

aló da reapertura das Caldas, si que é verdade que isto pedíronmo os técnicos, que temos que denunciar, porque, ben, vostede dixo que hai unha crise sanitaria e nós non temos datos de que ninguén fóra infectado pola lexiónela. Si que é verdade que temos un brote de lexiónela. Pechamos e subsanouse esa deficiencia, pero falar dunha crise non sei, paréceme unha palabra moi forte, e sobre todo dentro deste escenario dantesco que puxo, pois non me parece moi apropiada. Pero ben si que teño que mencionar de parte tanto dos técnicos municipais como das asistencias técnicas externas que temos para o correcto funcionamento das Caldas, de que é a instalación municipal deste uso, cremos que de Galicia, onde máis se personan en máis exhaustivas son as visitas dos Servizos de Sanidade da Xunta de Galiza, entón xa non o dice a parte política o din os técnicos, tanto municipais como as aistencias externas que se utilizan para que funcionen correctamente as Caldas. Chámame a atención porque vimos falar dun estudo de alternativas para darlle vida a esta instalación durante os meses de inverno, que si que é verdade que se pecharon polo uso e os aforos que temos rexistrados, pero lonxe de que esta proposición fora proactiva, non vin ningún tipo de argumento, nin ningún tipo de iniciativa onde poidamos debater qué usos se lle pode dar. De feito en prensa si que salía, pero aquí o único que se fixo nesa intervención foi poñer este escenario tan malo para dicir que hoxe esteamos todo fatal. Esa é a clave que está usando o Partido Popular en cada sesión de Pleno, está todo mal, está todo mal, está todo mal, pero nós non imos a presentar ningún tipo iniciativa nin estudo. Pero ben, lonxe afastarme deste tipo de defensas, teño que informarlle de que estamos estudando de que a instalación nos meses de inverno poidan socorrer a...pois por exemplo a estes deportistas que ao mellor están facendo atletismo, van correr ou van montar en bicicleta, usalo de vestiarios, na época máis fría do ano. Tamén isto conleva unha xestión que é moi importante porque xa non só son o tema dos vestiarios senón que tamén hai outra serie de deportes, como por ser o ciclismo, onde se plantea, dentro dese estudo de alternativas que estamos a traballar, instalar un bici hangar por se a xente que practica ciclismo, despois de facer esa práctica deportiva poida ducharse nestas instalacións. Tamén se estudan outras alternativas cun uso compatible, como pode ser, adaptalo ao uso de spa, que é totalmente compatible cos fondos europeos. Que quero dicir con isto? Que xa estamos traballando, estamos planteando bastantes alternativas, pero na vosa proposición en ningún momento vin nada que dixera pois ben, podemos debater na seguinte quenda a ver cal é o uso que vós estades a plantexar. Non foi unha proposición onde nos votades a culpa de todo, non se plantea ningún tipo alternativas e, sen máis, moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Segunda quenda para o señor Vázquez.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Interpreto, señor Bustos, que vostedes o que están a plantexar neste caso, é unha alternativa, neste caso de ocio dedicado ao deporte, fágolle unha emenda 'in voce' aceptando a parte que vostede di e entón voten a favor. É dicir, pola nosa banda non hai ningún problema. En segundo lugar, dicía vostede que nós non facemos ningunha proposta, ben, gustárame aclarar

dúas cuestións: o Goberno son vostedes, nós o que plantexamos neste caso é simplemente unha proposta que sexa coherente e que respecte o uso, cumprindo a normativa europea e, polo tanto, nós agardamos que voten a favor nese sentido. Mire as Caldas, a realidade é que é un proxecto que naceu mal dende o principio e agora mesmo segue mal. Polo tanto, sexan vostedes coherentes co que acaba de dicir. Di vostede que non teñen un custo. Mire, sabe vostede cal é o gasto? Cál é a pensión mínima dun galego, dun lucense aquí en Lugo?, son 1088 euros de pensión, pois iso é o que lle está custando a Lugo agora mesmo que teñan as Caldas abertas, iso é o que lle está custando.

Dicía vostede tamén que son moi novelista, pero mire, aquí trátase dunha cuestión moi simple, falamos dunha instalación pública que abre a trompicóns, pasa longos períodos de tempo pechado, esa é a realidade. Os lucenses ao final o que queren é instalacións que non custen máis cartos todavía. Nós por iso lle facemos a proposta, unha proposta coherente de qué as Caldas actualmente non teñen, non cumpren a función mínima para a que foron feitas e, polo tanto, nós o que pretendemos é reabrir esas instalacións cunha proposta, que por iso vostedes son o Goberno e nós aceptamos esa proposta, que vostede fai, esa proposta 'in voce' que eu lle fago agora mesmo e que, polo tanto, espero que voten a favor e, se non é así, pois sigan vostedes facendo o que fan habitualmente, que é votar absolutamente todo en contra, por suposto xa aparece polo medio a Xunta de Galicia, extráname que non aparecera Montoro que, habitualmente, tamén sae nestes debates, pero, neste caso nós facemolle tamén esa proposta. Polo tanto, sexan vostedes valentes e voten a favor e, se non, como lle digo, continúen vostedes perfeccionando o erro, voten en contra e neste caso seguiremos asumindo unha serie de custos que agora mesmo non repercuten para nada á cidade, e penso que é un bo momento para sacar iso adiante. Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, pois ten a palabra o señor Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: A ver, señor Vázquez, o primeiro: non dixen que non tivera ningún custo. Dixen que non eran os 28.000 euros que dixera na súa intervención. E despois falaba de pensións. Esta semana votaron en contra o Partido Popular con Junts e Vox para non revalorizar as pensións. Entón non me saque este tema aquí, por favor, non o saque.

Falando do tema das Caldas e da afluencia. En verán temos que falar, en verán a afluencia que existe nas Caldas está a traballar...perdón!, despisteime coa intervención do señor Ameijide fóra da súa quenda...en verán as Caldas ademais de ser polas mañás un soporte moi bo para todos os campamentos de verán, en todos os clubs deportivos, que teñen campamentos de verán e nos solicitan, e así están rexistradas esas horas para que poidan ir cos nenos e coas nenas a desfrutar dos campamentos e da práctica deportiva no entorno verde e sostible, e tamén temos unha grande afluencia polas tardes pola xente que nos ven visitar e gústalle relaxarse nas Caldas do Miño. Iso, por un lado. Despois, antes de falar da normativa europea, eu plantéolle a seguinte emenda 'in voce', porque antes da normativa europea tamén temos que cumprir a normativa galega, dacordo. Entón

eu preséntolle a seguinte emenda 'in voce' que é 'instar á Xunta de Galicia a que autorice o incremento da temperatura da auga da instalación, e por parte do Concello adoptaremos todas as indicacións técnicas e medidas técnicas necesarias para facelo'.

EXCMO. SR. ALCALDE: Por favor...señor Ameijide!

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Pero Ameijide se vostede non está na súa intervención, por favor! Si quiere defienda la proposición en el Pleno pero sino no tiene porqué actuar.

EXCMO. SR. ALCALDE: Señor Ameijide, podemos seguir? Si? Continúe logo. Rematou? Moi ben, pois logo quenda de peche para o señor Vázquez. Cando queira.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Sí, muchas gracias, señor alcalde. Lo que usted propone, señor Bustos, es un juego de trileros ¿de acuerdo? Entonces cambien ustedes la normativa y, a partir de ahí, veremos todo lo demás. Mire, las caldas, exactamente igual que muchos otros proyectos en esta ciudad y usted me acaba de reconocer, vuelve a ser un: 'estamos en ello', 'estamos trabajando en ello' o 'ya lo estamos haciendo'. Esa es la realidad y lo único estable que tienen ustedes aquí es la factura. Es lo único estable que tienen ustedes. El resto no tienen absolutamente nada. Nosotros no pedimos milagros, pedimos simplemente que se reorienten las Caldas haciendo un nuevo uso de ellas, partiendo de cumplir la normativa europea, simplemente eso. Por tanto voten ustedes a favor, tengan la honestidad de reconocer que es un error y cambien ustedes el rumbo, simplemente. Además es que no les conviene confirmar que son un Gobierno completamente ineficaz y débil, mucho más preocupado por resolver los problemas internos que tienen en su partido que por reconocer los problemas auténticos que tiene la ciudad. Hágame caso, voten a favor. Nos irá bien a todos. Muchas gracias.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas.

Pois eu deste tema si que me gustaría apuntar, moi brevemente, un par de cousas. Mire, vostede tachouna de ocorrencia esta iniciativa, eu non sei se é ou non ocorrencia o que si lle podo asegurar é que intencionalidade eran dúas: incrementar o atractivo desa zona do río, con máis servizos, máis infraestruturas e logo incluso un reclamo turístico para a cidade. É verdade que dende o primeiro momento, desde o minuto un, dende a oposición, se recibiron atrancos e se desprestixiou esa instalación, iso é certo. O que non é certo é que o que se pode desprender da súa intervención de que hai problemas de saúde. Para tranquilidade de todos direille que a instalación cumpre escrupulosamente con toda a normativa vixente europea e autonómica. Que hai problemas de lexionela?, evidentemente, como moitas outras instalacións. Cando existe pois actúase e soluciónase, e pódolle asegurar que os equipos de inspección que van por alí, son especialmente

rigorosos á hora de controlar a instalación, porque hai inspeccións ata de oito horas diarias. Polo tanto está máis que garantida a súa salubridade. O problema non é de saúde pública, señor Vázquez. O problema é de temperatura da auga. De feito hai tempadas no verán, como moi ben dicía o señor Bustos, que é un éxito de participación e de público e que funciona perfectamente. Noutras épocas máis frías do ano, efectivamente, hai un problema e non acode o cidadán. Cal é a solución? Simplemente incrementar en sete ou oito grados a temperatura da auga, con iso os veciños e veciñas seguro que a utilizaban. Claro, aí dependemos da colaboración da Xunta de Galicia. Por iso eu creo que a proposición 'in voce' que lle fixo o señor voceiro ten moito sentido e é moi realista. É dicir, díganos vostedes, autorícennos vostedes a cambiar o epígrafe no que está clasificado; nós nos comprometemos a facer as adaptacións de obra que sexan necesarias. Imos subir a temperatura da auga sete ou oito grados e, a partir de aí, estou seguro que a afluencia de público vai aumentar. Entón, si realmente queremos solucionalo, propoñémoslle unha solución práctica e realista a través desa emenda, se o queren solucionar pedímoslles que voten a favor. Moitas grazas.

Non se se queda claro? Se se aceptan as emendas por parte dos dous grupos?

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: No. Por nuestra parte no aceptamos eso, porque nosotros no podemos cambiar la normativa, no estamos dispuestos a eso y no sé si el señor Bustos, a raíz de su propia intervención, ¿está dispuesto?. Nosotros desde luego sí que estamos dispuestos a esa propuesta que el señor Bustos dice, para el uso reorientado de las Caldas, cumpliendo esa normativa europea.
[inaudible a intervención do don Jorge Bustos Atanasio]

EXCMO. SR. ALCALDE: Perdón!, Perdón! Eu creo que está debatido. Trátase de se se aceptan ou non as respectivas emendas. O Partido Popular xa dixo que non. O Grupo Municipal Socialista non acepta. Logo imos votar a proposición con esa non aceptación das respectivas emendas.

SEÑORA SECRETARIA: Imos votar a proposición nos seus termos iniciais.

6/6 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 25/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA MELLORAR OS SERVIZOS DA RÚA FERMÍN RIVERA E A PLANIFICACIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS E URGENTES (Exp. 2026/G004/000021).- Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“A rúa Fermín Rivera vén padecendo de maneira reiterada incidencias e avarías na rede de abastecemento de auga, con cortes e perdas que afectan directamente á veciñanza e instalacións existentes na zona. Trátase dun servizo esencial que debe prestarse con continuidade, seguridade e garantías.

Nunha reunión mantida coa veciñanza da zona e a directiva do Club Fluvial nos demandaban a necesidade de actuar con urxencia sobre esta infraestrutura, priorizando unha intervención directa e inmediata na canalización, ao tratarse da medida máis rápida e eficaz para estabilizar o servizo e previr novas avarías.

Posteriormente a reunión, o Concello de Lugo anunciou publicamente unha actuación cun investimento superior aos 2 millóns de euros para a execución do proxecto de Fermín Rivera e fixo recentemente unha inspección sobre o terreo para coñecer a situación do mesmo. Pero a realidade é que, a día de hoxe, non constan prazos concretos de execución. Por elo, resulta imprescindible acometer previamente unha actuación urxente que dea resposta a un problema estrutural que afecta a un servizo esencial como é o abastecemento de auga.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta esta proposición para que o pleno municipal acorde:

1. Instar ao Goberno municipal do Concello de Lugo a que concrete con prazos definidos o anuncio do investimento para a execución do proxecto de Fermín Rivera, detallando o calendario de actuacións previstas.
2. Instar ao Goberno municipal a que, con carácter prioritario e urxente, execute unha primeira intervención na canalización da rúa co obxecto de evitar novas avarías."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 13 | do Grupo Municipal do Partido Popular e de dona María Reigosa Castro. |
| - Votos en contra: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Instar ao Goberno municipal do Concello de Lugo a que concrete con prazos definidos o anuncio do investimento para a execución do proxecto de Fermín Rivera, detallando o calendario de actuacións previstas.

SEGUNDO.- Instar ao Goberno municipal a que, con carácter prioritario e urxente, execute unha primeira intervención na canalización da rúa co obxecto de evitar novas avarías.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Pois moi ben, ten a palabra en primeiro lugar o voceiro do Partido Popular, señor Cabarcos, cando queira.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Bo día alcalde, bo día concelleiros!

O meu saúdo tamén para os traballadores municipais que están con nós acompañándonos na reunión do Pleno. A rúa Fermín Rivera é hoxe, dende o ano 2022, un vial urbano de titularidade municipal que conecta a Estrada Vella de Santiago desde a Ponte Romana co barrio de San Lázaro e a pasarela do Miño. É tamén de importancia sinalar que é un tramo que funciona como acceso ao maior clube deportivo da nosa cidade e ten por tanto una función comunicativa moi importante porque dá servizo a vivendas unifamiliares, a bloques residenciais. Constitúe o enlace dos equipamentos públicos e deportivos coa cidade e é representativa, incluso, como parte do itinerario urbano do Camiño Primitivo, polo que tamén transitan peregrinos e visitantes. Esta importancia agora vese moi opacada polas invalidantes deficiencias das que adoecen as infraestruturas básicas que alberga. Especialmente estamos a falar da rede de abastecemento de auga e de saneamento. Ata o ano 2022, as responsabilidades para co bo estado e correcto funcionamento desta vía e das súas infraestruturas corresponderon á Deputación Provincial como titular do que, naquel intre, era a estrada provincial LU-P-2911. Nas décadas previas a este ano suponse que se teñen feito obras mínimas de conservación como estrada provincial, como puido ser o arranxo superficial do firme ou a reparación puntual de fochancas, pero sabemos que non se levou a cabo a renovación das obsoletas redes de saneamento nin abastecemento, polo que o Concello asumiría infraestruturas hidráulicas antigas e un firme de insuficiente consistencia. O tres de febreiro de 2022 o Decreto número 14 da Xunta de Galicia autorizou o cambio de titularidade dese tramo a favor do Concello, tras a súa solicitude municipal e un acordo para a súa cesión coa Deputación. A transferencia foi a asunción do Concello das competencias de mantemento, da ordenación do tráfico rodado e peonil e de disciplina viaria. O Concello naquel intre era sabedor que igual ca hoxe o Estado da vía e que asumía responsabilidades, e da evidente a necesidade de facer urxentes melloras. Dende aquel intre a rede de auga potable e saneamento -agora xa como rúa Fermín Rivera- veu presentando avarías recorrentes con roturas que deixaron ás entidades e a residentes que dependen dela cunha subministración, perdón!, sen unha subministración básica durante moitos días. E non só falamos de infraestruturas hidráulicas tan importante como todos sabemos, que o feble substrato da vía produce importantes fochancas que de feito periodicamente inutilizan aquela vía. Este grupo municipal ven evidenciando a necesidade de intervir con urxencia nesta vía urbana dende hai moitos meses, coa ineludible necesidade de dotar dunhas condicións mínimas de servizos aos usuarios desta vía e sobre todo das canalizacións para abastecer de auga limpa e desaguar as sucias tamén aos que dependen destas instalacións. Sabemos da realización nos derradeiros anos de puntuais reparacións de firme en tramos concretos para posibilitar o tránsito, pero a ruptura das redes segue a ser recorrente

porque estas obras só foron de carácter correctivo, puntuais, sen substitución ou renovacións de tramos, polo cal nós requirimos unha actuación urxente para corrixir esta situación. Continúo na seguinte quenda.

EXCMO. SR. ALCALDE: Quenda agora para o señor Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas alcalde. A ver, o Concello é coñecedor de maneira directa dos problemas que xorden de maneira continuada na rúa Fermín Rivera. Ese coñecemento é o principal motivo polo que neste caso tanto o Goberno municipal como a Confederación buscan unha solución para acometer estas actuacións de rehabilitación integral. Vostede dixo de que estamos a reparar firmes e fochancas e eu aquí teño as reparacións dende que, como vostede ben dixo, a titularidade da rúa pasou a titularidade municipal. Temos quince actuacións e aquí temos reparación de tuberías, cun diámetro nominal x, temos aperturas e elementos de rede de abastecemento. Non nos limitamos a cubrir as fochancas, e vostede o sabe, porque cando vai ás obras, vese alí que hai unha persoa e está a fochanca e vense as tubaxes, estanse a cambiar. Iso por un lado, despois ben, qué pasa? Si que é verdade que esa zona provoca moitas roturas nas tubaxes de abastecemento. Para saber por qué hay tanta rotura nesa rúa hai que facer un estudo, porque ben pode ser pola carga hidráulica que soporta a rede, debido á forte pendente que ten pola parte de arriba, ou ben tamén pode ser porque, como ben sabedes, afundi o muro fai relativamente pouco e ó mover o firme pois tamén se move a tubaxe e pode romper. Hai tanta casuística dentro desta rúa que o lóxico é facer primeiro un proxecto e estudar todas as instalacións e infraestruturas que haxa que renovar. Proba delo xa neste mes de xaneiro realizáronse inspeccións dixitais para saber se é necesario incorporar a este proxecto a rehabilitación integral da rede de saneamento, e fixéronse unha inspeccións dixitais onde os resultados teranos os técnicos competentes que teñen que facer o proxecto. Tamén, dentro desta rehabilitación, hai que ter en conta unha serie de factores como son a ordenación do tráfico rodado, tamén para que a zona de ocio privada e a veciñanza poida ter todas as garantías para poder desfrutar esta actividade con toda seguridade. Estes son algúns dos condicionantes que temos en conta dentro da amplitude do proxecto pero é chamativo que no corpo da proposición, que é moi diferente á proposición a como vostede a planteaba, o cal agradezo o ton, si que o teño que dicir, porque aquí nunha primeira instancia, o primeiro que nos dices é que hai un problema estrutural, que como vostede ben sabe se hai un problema estrutural o primeiro que hai que facer é estudar ónde está ese problema, non empezar a arranxar as cousas porque si e despois nunha segunda parte da proposición, o que nos estades a dicir é que hai que facer arreglos urxentes xa, necesitamos o espazo xa, pero cál é o urxente que imos facer? Imos cambiar as tubaxes de abastecemento? Ao final a culpa é da carga hidráulica de pluviais que soporta toda a rúa e, por tanto, a rede de saneamento non pode abarcar todo ese caudal que cae na rúa e, por iso, pois se acaba afundindo o terreo? Cal é a medida urxente que plantean? Porque está moi ben que, unha vez que sae anunciado en prensa que se fai un convenio entre o Goberno municipal e a Confederación para,

ben, xa sabemos que está redactado, está redactándose o proxecto, está moi avanzado e vaise investir preto de dous millóns de euros, pois vostede o sabe igual ca min, sabe que se está estudando e se vai reparar se vai rehabilitar a rúa de maneira integral con todas as garantías. Pero ben, eu o que boto en falta é este alarmismo que vemos nas proposicións: 'queremos o arranxo urxente, xa', a primeira intervención, 'estivemos reunidos co Club Fluvial', 'estivemos reunidos cos veciños', pero o que?, que hai que arranxar? O que boto en falta nesta proposición, máis aló do alarmismo, 'queremos os prazos', 'queremos os prazos', como saíu xa anunciado na prensa que asinamos o convenio, tamén saíu anunciado en prensa que despois de...este proxecto está moi avanzado, saíu unha estimación económica de preto de dous millóns de euros que van investir a Confederación e o Concello, e agora metemos esta proposición o día 16 de xaneiro para apuntarnos o gol, pois ben a min paréceme que está un pouquiño precipitada esta proposición. Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señor. Bustos. Segunda quenda para o señor Cabarcos. Cando queira.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Señor Bustos, entendo que o que está requirindo de min agora son solucións técnicas a un problema que non é doado de resolver, pero téñolle que recordar que houbo aquí, a pesares de selo, nun estou como arquitecto tampouco estou como socio do Club Fluvial, a pesar de selo tamén, estou como concelleiro, o que estou presentando non é un proxecto técnico o que estou presentando é unha proposición política. Entón o que vostedes teñen que decidir é se asumir e votar a favor de que se produza unha solución a un problema que non poden soportar os veciños e as entidades que alí están durante moitos meses que podería levar todos eses estudos técnicos, esas prospeccións, esas indagacións para ver se se trata dun problema estrutural ou non, ou cómo se pode acometer e que precisan dunha solución para non estar sen auga que todos os que estamos aquí non seríamos capaces de pasar o tempo que eles non dispoñen deste servizo básico, co cal o que estamos debatendo é votar a favor dunha solución inmediata, que ben pode ser, por non empregar as conducións que se están empregando agora, e que non dan o servizo suficiente e colocar unhas conducións provisionais en tanto non se ten a solución definitiva de xeito estrutural, que efectivamente ese problema pois é un problema de fondo, non é un problema provisional nin puntual. Entón o que nós temos que decidir aquí e se lle damos unha solución inmediata ou se facemos un estudo de posibilidades ou non sei qué que levaría un ano ou ano e pico darlle solución. Estamos falando de inmediatez, non dunha circunstancia nin dun proxecto técnico que non se ten feito e non temos obriga de traer aquí, porque non se trata diso.

EXCMO. SR. ALCALDE: Grazas, quenda para o señor Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Señor Cabarcos, a ver non...con todos os meus respectos e toda a miña humildade, acaba de darme unha solución técnica,

porque está recoñecendo que o que hai que arranxar é o sistema de abastecemento, as canalizacións, acaba de dicilo. Entón, se vostede está defendendo esta proposición neste Pleno é porque ten a capacidade técnica para entendelo, entón non me diga que non ven de técnico e ven de político, dacordo. Iso por un lado, despois non entendo por que entón se me está planteando xa unha solución aquí, no primeiro punto, di: Instar ó Goberno municipal do Concello a que concrete prazos definidos, o anuncio de investimento para a execución do proxecto, do proxecto de Fermín Rivera, prazos definidos e como vostedes sabe o proxecto pois non vai levar un ano facelo porque xa está anunciado en prensa de que a licitación da obra pois sairá entre primaveira e verán. Entón, iso por un lado, pero despois o que nos di na segunda parte que é contradictoria: Instar ó Goberno municipal a que con carácter prioritario e urxente execute unha primeira intervención na canalización da rúa co obxecto de evitar novas avarías. Imos ver, se estamos na primeira parte da proposición, estamos instando a acelerar o proceso do proxecto e na segunda estamos instando a realizar a obra que eu saiba, cada vez que hai algún tipo de problema dentro do abastecemento da zona da rúa Fermín Rivera, se soluciona, están os servizos técnicos municipais moi pendentes, para que, se neste caso, se resulta que quedan sen auga esas vivendas, se [inintelixible]... o antes posible e o sabedes, porque de feito os prazos desta proposición foron o 27 de decembro sacades unha nota de prensa sobre a obra urxente de Fermín Rivera, pero claro sácanas o 26 de decembro porque antes do Nadal houbo unha rotura, non había unha fochanca, o que pasa, arreglaron a tubaxe e logo houbo tapala, houbo que tapala ademais para a carreira de San Silvestre, perfecto, e despois o 26 de decembro sacan esa noticia nós o nove de xaneiro, creo recordar, sacamos o anuncio do convenio con Confederación para facer a rehabilitación integral da rúa, e vós metedes esta proposición o 19 deste mes para declarar a urxencia da proposición. Iso a min paréceme que é anotarse un gol cando non poden, non poden meterse goles así, por este caso. Entón ben, só quería dicir isto e nada, imos rexeitar a proposición porque xa estamos traballando nelo.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, señor Cabarcos, quenda de peche.

DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ: Vou empregar a miña quenda de peche para lembrar un debate moi parecido ao que tivemos o pasado mes de outubro, no que participou o señor Penas, a propósito das conducións de auga da rúa Milagrosa, da que naquel intre tamén propoñíamos ou solicitabamos que aceptasen ou que asumisen unha solución técnica para resolver o problema dos veciños, e sorprendentemente naquel momento tampouco foi do seu agrado a nosa solicitude e votaron en contra. Pois agora tamén é sinxelo o que nós pedimos, pedimos unha solución da que loxicamente non aportamos todos os detalles técnicos, pero na que non lles quedaría outro remedio que quedar de acordo en que estes veciños non poden pasar todo ese tempo esperando a ter un servizo mínimo como é o de abastecemento de auga, co cal imaxino que non queda outra que votar a favor de buscar unha solución urxente, aínda non sendo a definitiva, e xa lle din

unha pincelada técnica, e non podo darlle moito máis porque non o teño suficientemente estudado. Entón con iso debería de chegar para que todos estivésemos de acordo en que precisa unha solución rápida para non ter falla dese servizo básico.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Rematado o debate, pasamos logo á votación.

7/7 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE, NÚMERO 34/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALICIA UNHA PRESTACIÓN SUFICIENTE E ADECUADA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (Exp. 2026/G004/000034).- Vista a citada proposición cuxo texto é do seguinte teor:

“A Lei de Dependencia, Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, configura o dereito á atención das persoas en situación de dependencia como un novo dereito de cidadanía, un dereito de acceso en igualdade a elementos esenciais para a vida autónoma de moitas persoas, para a súa dignidade.

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) constitúe unha prestación esencial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), orientada a garantir a permanencia das persoas dependentes no seu domicilio habitual. Uno dos servizos fundamentais para coa abordaxe da dependencia, que, a tenor da evolución económica dos últimos anos, ten un incremento orzamentario que non se corresponde coas actualizacións realizadas polo Goberno da Xunta de Galicia.

O SAF é unha prestación garantida como dereito subxectivo cando está recoñecida no Programa Individual de Atención (PIA). Na Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, o artigo 32 establece que a financiación debe ser:

1. Compartida entre o Estado e as Comunidades Autónomas
2. Coa participación do copagamento do usuario segundo capacidade económica

A Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia establece que o SAF forma parte do Sistema Galego de Servizos Sociais; ademais, é moi clara en determinar que a Xunta de Galicia é a administración:

1. Competente na ordenación
2. Responsable da planificación
3. Garante última do dereito

Os concellos actúan como entidades xestoras, non como financiadoras principais.

A Lexislación de réxime local, en concreto a Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local determina que:

1. Os concellos non poden asumir competencias impropias sen financiamento suficiente.
2. A imposición de obrigas financeiras sen cobertura vulnera o principio de suficiencia financeira municipal.

O SAF ten un custo real medio aproximado duns 20–23 € por hora, segundos datos de concellos galegos recompilados pola Federación Galega de Municipios e Provincias. En Lugo preto de 21 € por hora.

A achega conxunta da Xunta e do Goberno central está fixada nuns 12 € por hora, o que deixa un desfase entre custo real e financiamento oficial, motivo polo cal os concellos acaban asumindo gran parte do gasto.

A distribución do financiamento é a seguinte: achega estatal: 30 %, achega da Xunta de Galicia: 27 %, achega dos concellos: 30 % , achega das persoas usuarias e remanentes locais, 12 % en conxunto.

Existe un déficit estrutural de entre 8 e 11 € por hora, que non está cuberto legalmente. A Xunta fai un traslado indebido de responsabilidades aos concellos . A Xunta decide e regula, pero non financia adecuadamente. Deste xeito alguén vese obrigado a cubrir o déficit. E quen o asume? Pois os concellos, que aportan fondos propios para financiar unha competencia allea, para soste un dereito recoñecido por outra administración. O que supón unha financiación impropia e un conflito competencial.

A Xunta de Galicia está facendo unha vulneración do dereito subxectivo da prestación de Servizo de Axuda no Fogar, xa que os usuarios teñen o dereito á prestación recoñecido, e se os concellos non asumisen o déficit de financiamento da Xunta de Galicia, o SAF non se presta ou se presta de maneira insuficiente.

A realidade no Concello de Lugo é que preto de 600 persoas có dereito recoñecido á prestación de SAF, agardan a prestación efectiva do servizo. O concello de Lugo non só sofre un infrafinanciamento, se non que tamén ten falta de horas dispoñibles para a prestación do mesmo, motivada pola ausencia de dotación de horas por parte da Xunta de Galicia aos dependentes do Concello de Lugo.

Todo o anterior supón a vulneración dun dereito subxectivo recoñecido legalmente. A non prestación do Servizo de Axuda no Fogar, unha vez recoñecido no correspondente Programa Individual de Atención (PIA), supón unha vulneración directa dun dereito subxectivo recoñecido pola Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia.

Esta situación produce unha quebra da seguridade xurídica, ao existir un dereito formalmente recoñecido que non se materializa na práctica, xerando indefensión nas persoas dependentes e nas súas familias.

A ausencia de apoio domiciliario provoca: empeoramento da mobilidade, perda de autonomía persoal, aumento do risco de caídas e accidentes domésticos, abandono de rutinas básicas de hixiene, alimentación e medicación, sentimento de abandono institucional, aumento da ansiedade e da depresión e illamento social

Este deterioro funcional é especialmente grave nas persoas maiores que viven soas, frecuentes usuarias do SAF, e acelera procesos de dependencia severa que poderían ser evitables cunha atención adecuada e continuada.

A atención domiciliaria cumpre tamén unha función de acompañamento social, polo que a súa ausencia agrava situacións de soidade non desexada, moi presentes no medio rural lucense.

A sobrecarga familiar e impacto nos cuidadores informais non é menor: sobrecarga crónica do cuidador, abandono do emprego ou redución da xornada laboral, con impacto directo na súa saúde física e psicolóxica, empobrecemento das unidades familiares e mesmo conflitos familiares e deterioro das relacións persoais. Sendo a maioría as mulleres que representan ao cuidador informal é polo tanto as que padecen e sofren as consecuencias do déficit de apoio para os cuidados. Segue sen avaliarse o impacto negativo de xénero que pode estar a ter a feminización dos cuidados na medida en que estes non son resultado dunha libre elección.

Esta realidade vulnera os principios de **igualdade, equidade e cohesión territorial** recollidos na Constitución Española e na normativa básica estatal, así como unha **desnaturalización do sistema de protección social** deseñado pola Lei 39/2006.

Puntos de acordo:

1. Esixir á Xunta de Galicia que asuma de maneira efectiva o 50 % do financiamento do Servizo de Axuda a Domicilio (SAF), de modo que a súa achega económica cubra integramente a diferenza entre o custo real do servizo —debidamente acreditado pola corporación local na xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais máis recente— e a achega económica das persoas usuarias, tal e como a propia Xunta establece na súa normativa vixente.

2. Esixir á Xunta de Galicia que dote de forma inmediata ao SAF de dependencia das horas necesarias para garantir o acceso ao servizo de toda as persoas usuarias do municipio de Lugo que actualmente se atopan en lista de espera, poñendo fin a unha situación inxusta que vulnera o dereito a unha atención digna e adecuada.”

Visto, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 36 de Rexistro de Pleno, que non foi aceptada polo Grupo Municipal Socialista de Galici-PSOE, autor da iniciativa.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- Votos a favor:	13	dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- Votos en contra:	12	do Grupo Municipal do Partido Popular.
- Abstencións:	0	

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Esixir á Xunta de Galicia que asuma de maneira efectiva o 50 % do financiamento do Servizo de Axuda a Domicilio (SAF), de modo que a súa achega económica cubra integramente a diferenza entre o custo real do servizo — debidamente acreditado pola corporación local na xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais máis recente— e a achega económica das persoas usuarias, tal e como a propia Xunta establece na súa normativa vixente.

SEGUNDO.- Esixir á Xunta de Galicia que dote de forma inmediata ao SAF de dependencia das horas necesarias para garantir o acceso ao servizo de toda as persoas usuarias do municipio de Lugo que actualmente se atopan en lista de espera, poñendo fin a unha situación inxusta que vulnera o dereito a unha atención digna e adecuada.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, pois ten a palabra a señora voceira municipal, municipal, señora Olga López Racamonde. Cando queira.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Moitas grazas, alcalde. Bo día a todos os que se atopan hoxe na sala, pero quero dirixirme de inicio especialmente aos veciños, aos veciños maiores e con dependencia, e tamén quero comezar e a ver se xurde efecto, que me conteste o grupo do Partido Popular, cómo o seu grupo que xestiona a dependencia dende a comunidade autónoma quere atender aos dependentes, qué modelo, que estratexia da atención á dependencia quere seguir para ter atendidos aos nosos veciños e veciñas? Porque, por moito que se diga, aínda que é reivindicativo e xa non vou insistir niso, a administración da Xunta de Galicia é a competente na ordenación. A Xunta de Galicia ten que cumprir a súa propia normativa derivada da Lei de servizos sociais, 13/2008 na que debe garantir unha financiación suficiente do servizo de axuda no fogar. De maneira que en cumprimento da lei o mínimo que debe acadar é o 50% do custo. E pídlles de

verdade que lles pido que se deixen de manipular datos e simplificándoos cuns obxectivos de obter un rédito popular pouco lícito, sen un compromiso real coa verdade. As súas políticas, admitan que non cren nas prestacións sociais, non cren nun sistema de coidados, esa é a súa ideoloxía e como a levan a cabo na práctica utilizando cifras, incluso reais, cifras reais, pero totalmente descontextualizadas, para eludir a súa responsabilidade.

A Xunta de Galicia está a vulnerar un dereito, un dereito subxectivo da prestación do servizo de axuda no fogar, para que os usuarios teñan o dereito da prestación que teñen recoñecido pola propia Xunta de Galicia, e se os concellos non asumisen o déficit de financiamento, os veciños e veciñas de Lugo teñen que ser conscientes de que o SAF non se prestaría, non se prestaría, sería inviable que tiveran axuda no fogar. O Concello de Lugo ten preto máis de 600 persoas co dereito recoñecido de SAF de dependencia que agardan a prestación efectiva por un infrafinanciamento e tamén por unha falta de horas dispoñibles do Concello de Lugo, motivada porque a ausencia de dotación da Xunta de Galicia co Concello de Lugo é reiterativa e flagrante. Todo elo supón un dereito, un dereito que se está a vulnerar e que vulnera non só que é o máis grave ao noso modo de ver, o dereito das persoas a ser atendidas no seu momento máis vulnerable, senón que mesmo vulnera a lexislación de réxime local reguladora das bases nas que se especifica claramente como os concellos non poden asumir competencias impropias sen o financiamento suficiente. Vulnera, por tanto, a suficiencia financeira municipal. Pero quero ir un pouco máis aló porque de verdade que este tema reiterativo, que entendo, porque forma parte da súa ideoloxía, da súa forma de ver á sociedade, méis que queren retorcer. Queren confrontación, unha confrontación permanente na que utilizan de forma dilapidaria ademais as persoas máis vulnerables, as persoas dependentes, as persoas maiores, as persoas que levantaron este país. Vostedes, o grupo do Partido Popular que goberna a Xunta de Galicia, deben anualmente a este Concello para poder prestar o SAF de dependencia na lista de agarda que temos, 10 millóns de euros, non 3, nin 4, 10. Pero a súa política, lexis de financiar os servizos que vostedes propoñen, porque poderíamos falar dun cambio de servizo co falaremos, non financian o SAF, o que fan tamén é que privatizan as residencias, non crean prazas de residencias públicas, pero pagan e financian centros privados. Isto é a política, isto é a estrutura social pola que vostedes avogan e que vostedes están a desenvolver a través da Consellería de Política Social na Xunta de Galicia. É cuestión de prioridades.

EXCMO. SR. ALCALDE: Cristina, tes a palabra cando queiras.

DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas. Estamos a tratar de un tema que hay que falar alto, sobre todo moi moi claro, e deixarse de ambigüidades. Recentemente levantámonos con esta nova da Xunta de Galicia da subida da achega para axuda no fogar, de 12 a 18 euros, claro pero todo quedouse nun titular, porque cando nos metemos na noticia e vemos o contido da mesma, vemos como é una subida gradual, é dicir 'pasito a pasito'. Pasamos este ano a 16, é dicir que non imos chegar ata o ano 2028 aos 18 euros co que nos endulzaba o

que era ese titular. Non sei se é porque poideramos ter unha indigestión se a achega se dera toda xunta. A achega, tal e como se vén denunciando dende fai xa moitos anos, é totalmente insuficiente, porque segue sen cubrir os custos reais do servizo que, neste caso, se miramos para o Concello de Lugo, estamos falando de en torno a 21 euros. Iso sempre que falemos de hora ordinaria, porque se falamos de horas extraordinarias, a verdade é que a cantidade queda moi lonxe de cubrir o 100% do custo real do servizo do que estamos a tratar. Porque parece ser que para a Xunta de Galicia os días domingos e festivos as necesidades de atención que teñen os usuarios non debe ser tales, é dicir, deben ser un servizo de oito a tres e non ter en conta esas circunstancias. E así vemos como o Concello de Lugo achega para esta prestación de servizo e vemos neste orzamento, máis de medio millón de euros, atendendo unha competencia totalmente impropia que impide que esa partida orzamentaria se destine a outras necesidades que poida ter a veciñanza de Lugo. Da Xunta de Galicia, isto se falamos de forma conxunta, pero se o facemos de forma individualizada vemos que quen está a sufrir son as familias que ven como pasados máis de dous anos seguen en lista de espera porque a Xunta de Galicia nos incrementa as horas. A resposta está, en que cada vez o orzamento que a Xunta de Galicia destina ó SAF vaino minguando. Así vimos como no ano 2024 reduciuna 18,5 millóns de euros. Na partida do 2025 fixo unha mengua de 17 millóns. Estas cifras pódennos ilustrar moito do interese que ten a Xunta de Galicia na atención, sendo a atención un dereito fundamental que teñen as persoas dependentes. E xa non empecemos a falar das traballadoras que están prestando servizo neste sector. Un sector fortemente feminizado, como todos sabemos, contratos temporais, parciais, e si falamos das familias maior, maioritariamente son as mulleres as que reducen as súas xornadas para atender ás persoas dependentes que teñen nos seus fogares, porque hai unha Administración, neste caso a Xunta de Galicia, que decide non destinar orzamentos a reducir as listas de espera, que decide non destinar orzamentos a facerse cargo do custo real destes servizos sufrindo subidas de euro a euro; parece unha burla. E afogando ós concellos ó ter que destinar importantes partidas orzamentarias para atender aos seus veciños dependentes e os salarios das traballadoras deste sector directamente proporcional ás cantidades achegadas. É dicir, miserentos. Así que non poden sacar peito desta decisión. As numerosas folgas e manifestacións das traballadoras que durante meses estiveron mobilizando por todo o país foron elas as que acadaron esta escasa subida e a prazos, foron as que forzaron coas súas protestas por toda Galicia, e que toda Galicia se enterara das precarias condicións laborais nas que están desenvolvendo e desenvolven o seu traballo. Unha vez máis a presión social é a que fai a andar á Xunta de Galicia, e a Xunta de Galicia é o cómplice necesario que teñen as empresas para pagarlles salarios miserables, que fagan xornadas interminables e que teñan moitos anos caducados os convenios colectivos. E a todo isto non nos podemos olvidar da falla de protección cando denuncian un acoso no lugar de traballo. Non nos podemos esquecer de Teresa, esta traballadora do Porriño asasinada polo marido da persoa a quen coidaba despois de denunciar o que estaba pasando e tivo que volver unha vez máis ó sitio da coidadora, prestar servizo no fogar o que estaba destinada, que a día de hoxe

seguimos sen ese protocolo para a protección ante estas circunstancias e estas situacións por parte das traballadoras que prestan estes servizos. Son as coidadoras descoidadas por un Partido Popular que mira para outro lado, nin atende aos dependentes que pasan anos para ser avaliados e así determinar o seu grao de dependencia, como teño dito neste salón, moitos morren esperando ou a ser avaliados ou a ser atendidos. Fai uns días chamábame un veciño onde a súa nai leva máis de dous anos esperando a que lle asignen unhas horas para ser atendida, aínda así, está no posto 24 da lista e non saben cando lles vai tocar. Ó mellor cando chegue o momento, xa non está. Se non fora pola súa familia qué sería dela, porque a Xunta de Galicia non se fai cargo desta obriga de que a veciñanza ten dereito.

EXCMO. SR. ALCALDE: Gracias señora López, rematou o tempo. Quenda agora para o Partido Popular, señor Díaz, cando queira.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Gracias, señor alcalde. Señoras y señores, concejales, yo les pediría algo muy claro: retiren esta moción. Se lo pido por responsabilidad institucional y les voy a explicar el porqué. Les pediría que la retiren por dos motivos fundamentales, los nombró usted ahora mismo, ambos son graves, ambos deliberadamente ocultados en el texto que hoy traen a este Pleno. El primero, porque ustedes exigen a la Xunta de Galicia que aporte más financiación al servicio de axuda no fogar, mientras silencian conscientemente que la Xunta ya alcanza un acuerdo con la FEGAMP (la Federación Gallega de Municipios y Provincias), para incrementar esa financiación y aliviar la carga económica de los concellos, un acuerdo real, vigente, negociado con el municipalismo gallego y respaldado por el propio Partido Socialista, [ininteligible] incluso en la prensa, en artículos, etc. Traen hoy esta moción como si ese acuerdo no existiera pero eso no es un olvido, es una maniobra política para construir un relato falso de inacción de la Xunta, cuando la realidad es exactamente la contraria. Y el segundo motivo, el segundo motivo, porque ustedes piden más horas de SAF ocultando deliberadamente que el Concello de Lugo no está utilizando la totalidad de los horas que ya tiene asignadas; piden más horas cuando existen cientos de horas sin ejecutar no es defender derechos es distorsionar la realidad del servicio y, además, conviene decirlo con claridad. Cuando el Concello necesita más horas, solamente tiene que solicitarlas y la Xunta se las asigna, por tanto este punto de la moción carece de base real y sólo sirve para alimentar un discurso victimista que no se sostiene con los datos. Pero hay más, y es importante decirlo, el propio Concello de Lugo dejó sin gastar dinero destinado al SAF, tal y como se refleja en el decreto de aprobación de la modificación orzamentaria, en el que se aprueba una transferencia de crédito por importe de 901.961,25 euros, fondos que se destinan a dar cobertura de las obligaciones derivadas de la implantación de la zona de bajas emisiones en la ciudad. Es decir, no sólo no se ejecutan todas las horas disponibles del servicio, sino que ademais se detraen recursos inicialmente destinados al SAF para otros fines, aunque esta realidad resulta difícil sostener que el problema sea una falta de financiación por parte de la Xunta. Por todo ello esta moción no

responde a la realidad del servicio ni a los datos objetivos, y por responsabilidad institucional les reitero la petición de que la retiren. Supongo que no la van a retirar. Dicho esto entro en el fondo del asunto. Traen ustedes a debate unha moción sobre o servizo de axuda, un servizo esencial, derecho subjetivo reconocido por la Ley de Dependencia, en eso coincidimos, pero el problema del SAF no está donde ustedes señalan. El SAF está infrafinanciado, sí, pero no por la Xunta de Galicia. Lo está porque el Gobierno de España incumple de manera sistemática la Lei de dependencia. La Ley 39 de 2006, establece una financiación compartida Estado-Comunidades Autónomas al 50%. Ese 50% estatal no se ha cumplido nunca. Esto repercute directamente en la atención a la dependencia a la que Galicia dedica en el año 2026, más de 240 millones de euros, de los cuales 148 millones se destinarán al SAF. Hoy el Estado aporta en torno al 34% -tendría que aportar un 50%- del sistema reducido desde el 40% del año 2023, o sea que fue a menos, y deja el resto a costa de las comunidades autónomas y de los concellos, sí, es cierto. Ese incumplimiento no es puntual, es estructural, y ha generado una deuda con Galicia, que a día de hoy supera los 2.900 millones de euros. El origen real del déficit del SAF es el Gobierno central, no la Xunta, y, sin embargo, ustedes traen unha moción que exonera al Gobierno central y dirige toda la presión política hacia Galicia. Ustedes reconocen el problema pero señalan mal al responsable. Otro dato que ustedes omiten en esta propuesta es que la Xunta y la Fegamp vienen de alcanzar un acuerdo para incrementar la financiación del SAF que terminará alcanzando los 18 euros/hora en esta legislatura, eso es el acuerdo que hay, lo que supone un incremento progresivo de un 50% durante este mandato y aún así ustedes siguen con sus exigencias a la Xunta. ¿Y el Estado? ¿Dónde está el Estado en esta proposición? ¿Por qué no se exige al Gobierno de España que cumpla su parte? Ni el Partido Socialista ni el Bloque Nacionalista Gallego. ¿Por qué se pretende que Galicia cubra también lo que el Estado se niega a pagar?. La respuesta es evidente, porque esta moción no busca solucionar el problema, busca tapar la responsabilidad del Gobierno central. Los concellos no están desprotegidos por la Xunta están desprotegidos por un Estado que incumple su propia ley. Si el Estado cumpliera la Ley de Dependencia este debate no existiría. Señoras y señores concejales, la dependencia en Galicia no está infrafinanciada porque la Xunta no quiere pagar más, está infrafinanciada porque el Gobierno central no cumple su obligación legal de financiar el sistema al 50%. Además ustedes, a la vista de los hechos, parece que les sobra el dinero destinado a este servicio, cuando permiten que fondos inicialmente previstos para el SAF...

EXCMO. SR. ALCALDE: Gracias, señor Díaz, rematou o tempo, así que segunda quenda para a señora Racamonde.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Voulle a desmontar punto por punto. Mire, o diñeiro que se liberou da achega ó SAF é porque o Concello de Lugo fai as previsións para os dependentes que ten en lista de agarda, pero como a Xunta non achega as horas suficientes, non podemos prestar o servizo porque non hai horas, e, en todo caso, ese diñeiro vai retornar a Servizos Sociais. Así que pouco

intelixente, moi pouco intelixente me parece utilizar este argumento. A débeda que refiren do Estado vén da época de Mariano Rajoy, vén desa época, faga contas. Entón direille o Estado...e na miña petición ademais...[por favor, señor Ameijide, vale, porque conductas obscenas temos visto, fala de machismo coas súas conductas obscenas pero eu pídollo respecto á miña persoa e á miña intervención] ...[inaudible o señor Ameijide]. EXMO. SR. ALCALDE: Continúe señora...DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Que me paren o tempo. EXMO. SR. ALCALDE: Continúe, por favor, continúe. DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Vale, que me prolonguen o tempo. Entón o Estado presta en torno ao 40%; neste momento é a Xunta o 27%. Na miña intervención díxennles que tiña que acadar o 50% e saben vostedes o que fixeron co que o Estado lles derivou? Adicárono a outras prestacións e o que fixeron foi diminuír a achega económica, a diminución económica ó servizo de SAF. Vostedes desde a Xunta de Galicia teñen que instar ó Goberno central a que lle acheguen a contía que vostedes entenden. Porque a ninguén se lle ocorra co Sergas pedimos financiación do Estado dende o Concello. Como os veciños me entendan, é así. E, por suposto, non vou a deixar de pedir as horas para os dependentes que temos. É unha falta de respecto que vostedes pidan retirar as horas. Mire, hai unhas horas sempre que están á agarda de que os veciños acepten o servizo de axuda no fogar e esas son as que vostedes utilizan agora dun xeito moi impropio, realmente, moi impropio. E direilles vou moito máis alá todavía, mire, vostedes de feito sacaron xente da lista de SAF, da lista de agarda, porque optan polo Bono Coidado, que lle supón un aforro á Xunta máis ou menos de 700, 500, 800 euros ao mes á Xunta, pero sabe o que fai? Iso o que permite é que a substitución dos servizos profesionais vai ás familias, que as mulleres sexan quen presten os servizos no fogar, e moito máis alá lles vou dicir, o que fan é que recae a responsabilidade sobre as familias para facer un aforro da prestación á dependencia. Vostedes só decía, pensión de 1088 que lles parece pouco máis, 400 euros de Bono Coidado, contraten a alguén os dependentes.

EXCMO. SR. ALCALDE: Ben, moitas grazas. Segunda quenda para o señor Díaz. Cando queira....perdón! Cristina, tes a palabra.

DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ: Ben, escoitar ó Partido Popular o do tema da subida da achega, que eu si a puxen encima da mesa e si a manifestei, o do tema da subida, pero, como bien dicía, una subida totalmente insuficiente. E o mesmo quero facer eco das súas palabras: aliviar. Nós non queremos que ninguén nos alivie. O que queremos é que vostedes se fagan cargo das obrigas que teñen, e o único que están facendo é trasladando a responsabilidade a primeiro ás familias, segundo ás traballadoras, e terceiro ós concellos afogándoos economicamente. Estamos falando de máis de cinco millóns e medio de euros que dedica este Concello a atender o SAF. Máis de cinco millóns e medio. E se vostedes falan de sobrar diñeiro, recórdolle novamente: 17 millóns e medio menos destinado nunha partida orzamentaria no ano 24, e 18 millóns de euros menos no orzamento do ano 2025. Entón deixen de 'alivios', que nós non queremos alivio ningún, o único que queremos é que se fagan cargo desta competencia co Concello

está asumindo de forma impropia cun montón de recursos que podían estar destinados a outras cousas, e temos que estiralos porque para este Goberno o primeiro e sobre todo son as persoas, e témolo moi claro. Vostede creo que non e á vista témolo nos cartos que vostedes destinan, e as subidas miserentas, porque son subidas miserentas, encima pasito a pasito, como lles dicía, que nin sequera sube nin sequera todas xuntas. E reitérolles, non cubren o custe real do servizo, así que o que teñen que facer deixen de alivios, me repito, e non somos victimistas e imos á realidade do que pasa con este, con este servizo que non están asumindo vostedes, que vostedes teñen as competencias e que a Xunta de Galicia a verdade ten cartos para todo, pero co que si debería ter, que este Goberno, reitérolle que este Goberno si que ten moi claro, é moi prioritario, que o primeiro de nada son as persoas, e os datos son moi esclarecedores soamente coas partidas orzamentarias. Así que asuman as súas responsabilidades e deixen de trasladalas. Grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señora López e agora si, señor Díaz, cando queira.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Vamos a debatir con rigor y con honestidad institucional. Reconoce usted, señora concejala, que 'o Goberno tiña que acadar o 50%', en ningún sitio de esta proposición usted pide eso. La Xunta al 50% y al otro 50%. A día de hoy es el 34% lo que aporta. La concejala del Bloque Nacionalista Galego, Cristina, dice que no cubren y dejaron sin gastar en el año 2024 988.512,41 euros del SAF, y en el 2025 hicieron una transferencia de crédito de los fondos que irían al SAF de 901.961,25 euros. Eso son números. Casi podía utilizar el discurso de la señora Abelleira cuando hablaba de Infraestructuras cuando decía que ni una sola vez aparecen las responsabilidades de otras administraciones, que teníamos que reivindicar al Estado lo que es del Estado, y a la Xunta lo que es de la Xunta, que presente las proposiciones como tengan que presentarlas. El Estado debe 2900 millones de euros a la Xunta de Galicia, aunque parece que es Mariano Rajoy el que está gobernando en nuestro Estado ahora mismo, el que maneja estos presupuestos, el que da estas aportaciones a las comunidades autónomas, etcétera. Entonces, en este debate hay que decir toda la verdad, no solamente una parte. Hemos escuchado que el SAF está infrafinanciado, es cierto. Hemos escuchado que los concellos soportan una presión económica excesiva, también es cierto, pero lo que no se puede hacer es construir un relato incompleto que señale únicamente a una administración y silencie deliberadamente a otra. La Xunta sí ha actuado, lo ha hecho mediante un acuerdo de legislatura con la Federación Galega de Municipios y Provincias para incrementar de forma progresiva la financiación del SAF, elevando la aportación autonómica a 16 euros/hora en 2026, 17 en 27 y 18 euros/hora en 2028. Así que nadie se equivoque deliberadamente. El problema no es que 18 euros no den para nada, como dice la concejala, el problema es que el Estado sigue pagando como si estuviéramos en el año 2012, ahora mismo. Este acuerdo con la Fegamp promete certidumbre y supone un incremento del 50% a lo largo de la legislatura y es un acuerdo además respaldado por el propio PSOE. Lo vuelvo a repetir, en el ámbito municipal además. Por tanto no estamos aquí ante

ACTAS E GOBERNO

AMRG/jch/cal

Refª: ispac5256112261728678799.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-1-2026

una Xunta inmóvil, sino ante una Xunta que dialoga, pacta y cumple, es entonces cuando surge la pregunta inevitable: ¿dónde está el Gobierno de España en esta ecuación en su proposición? Porque la Ley de Dependencia es una ley estatal y establece una financiación compartida al 50%, como sigo repitiendo las veces que sea necesario. Sin embargo el Gobierno de España no cumple esa obligación quedándose en el 34% del coste real del sistema. No cumple, y ustedes lo saben. Y no es que lo diga yo, son palabras suyas, de un ministro de su gobierno se las leía hace unos meses cuando decía textualmente en el Diario de Sesiones...

EXCMO. SR. ALCALDE: Rematou o tempo...

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Vale, no tengo tiempo para terminar. Ya se lo había leído.

EXCMO. SR. ALCALDE: Quenda para a señora Racamonde. Cando queira.

DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Ben, dicirllas co plan de choque que fixo o Goberno actual no ano 2021 supoño co coñecen e que permitiu paliar os déficits que viñan do anterior Goberno que vostedes coñecen. É un plan de choque que a Xunta de Galicia, repito, usou para quitar diñeiro da súa achega á dependencia, e usala noutros menesteres, ou sexa o Goberno está e dígolles que chegou ó 47% do financiamento. Os meus datos pódense contrastar alí onde queiran e por quen queira. E non falta á verdade nun só punto. Eu a conclusión que lles fago é que a xestión da dependencia por parte de Galicia dende logo é que non falla por casos puntuais, non, é un modelo político consciente, consciente, privatizador, infrafinanciado totalmente, que está orientado a conter o gasto e non os dereitos nunha comunidade envellecida, nunha comunidade na que xeran socialmente unha inxustiza na dependencia, abórdano.

EXCMO. SR. ALCALDE: Rematado o debate pasamos...[intervención inaudible do señor Díaz Rey]...DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE: Non perdoe, non se acepta, de ningún xeito. EXCMO. SR. ALCALDE: Ben, pois logo, sen aceptar esa emenda pasamos á votación.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

8/8 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) DENDE O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2025, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2025 (Exp. 2026/G004/000002).- En conformidade co informe do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de

novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran na Secretaría Xeral (Vicesecretaría), dende o día 13 de decembro de 2025, coa numeración 11682/2025 a 12320/2025, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2025.

De todo o cal, o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

9/9 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS E CORRESPONDENTES AO ANO 2026 (Exp. 2026/G004/000010).- En conformidade co informe do vicesecretario municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus delegados e delegadas, que obran na Secretaría Xeral (Vicesecretaría), coa numeración 1/2026 a 171/2026, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2026.

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

10/10 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 371/2026, DO 19 DE XANEIRO DE 2026, RELATIVO AO NOMEAMENTO DE DON LUIS RAMÓN VÁZQUEZ PARGA COMO INTERVENTOR XERAL MUNICIPAL DESTES EXCMO. CONCELLO (2026/G004/000016).- Ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** do decreto número 371/2026, do 19 de xaneiro de 2026, do seguinte teor literal:

‘DECRETO

Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

Visto o expediente tramitado co número **2025/G001/0009352** e demais relacionados e relativos ao procedemento para a provisión do posto de traballo de INTERVENTOR/A XERAL polo sistema de Libre Designación, actualmente ocupado en comisión de servizos e polo tanto vacante.

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral de Pleno do seguinte teor literal:

ACTAS E GOBERNO

AMRG/jch/cal

Refº: ispac5256112261728678799.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-1-2026

“ANA MARÍA RIVAS GARCÍA, SECRETARIA XERAL DO PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, visto o expediente tramitado co número 2025/G001/0009352 e demais relacionados e relativos ao procedemento para a provisión do posto de traballo de INTERVENTOR/A XERAL polo sistema de Libre Designación, actualmente ocupado en comisión de servizos e polo tanto vacante, emito o seguinte informe:

PRIMEIRO.- Que transcorrido o prazo de presentación de instancias de 15 días hábiles a partir do seguinte ao da publicación da Resolución de 2 de decembro de 2025, da Dirección Xeral da Función Pública (BOE 296 do 10 de decembro de 2025) pola que se publica a convocatoria para a provisión do posto de traballo reservado ao persoal funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, polo sistema de libre designación, presentáronse en forma e prazo as seguintes solicitudes de participación:

- DON LUIS RAMÓN VÁZQUEZ PARGA titular do DNI 33328308C e NRP 33328308/68/A/3013, funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional da Subescala de Intervención Tesourería, Categoría Superior (RE 202599900028525 data 15/12/2025 17:09:22).

- DONA MARÍA CRISTINA GONZÁLEZ SANTÍN titular do DNI 33341826Z e NRP 33341826/02/A/3014, funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional da Subescala de Intervención Tesourería, Categoría Superior (RE 202599900028909 data 19/12/2025 13:42:53)

SEGUNDO.- En canto ao cumprimento dos requisitos esixidos nas Bases (Base segunda) resulta que:

- DON LUIS RAMÓN VÁZQUEZ PARGA titular do DNI 33328308C e NRP 33328308/68/A/3013, acredita:

- 1.- Ser funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional da Subescala de Intervención-Tesourería, Categoría Superior.
- 2.- Posuir o certificado de lingua galega CELGA 4 que aporta.

Aporta:

- 1.- Copia compulsada do DNI.
- 2.- Número de Rexistro de Persoal.
- 3.- Situación administrativa na que se atopa e o seu destino.
- 4.- “Curriculum Vitae”

- DONA MARÍA CRISTINA GONZÁLEZ SANTÍN titular do DNI 33341826Z e NRP 33341826/02/A/3014, acredita:

- 1.- Ser funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional da Subescala de Intervención-Tesourería, Categoría Superior.
- 2.- Posuir o certificado de lingua galega CELGA 4 que aporta.

Aporta:

- 1.- Copia compulsada do DNI. Non aporta o documento compulsado. Independentemente da esixibilidade por parte da Administración desta documentación tal e como se establece nas bases, tratándose da aportación documentación subsanable, de resultar a candidata elexida, poderá incorporala ao expediente no prazo de 10 días hábiles.
- 2.- Número de Rexistro de Persoal.
- 3.- Situación administrativa na que se atopa e o seu destino.
- 4.- "Curriculum Vitae"

TERCEIRO.- A provisión por libre designación dos postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional regúlase nos artigos 45 a 47 do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo, polo que regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, referíndose o artigo 46 aos trámites esenciais do procedemento, no seguinte senso:

1. As bases da convocatoria para cubrir os postos de libre designación, serán aprobadas polo Presidente da Corporación e haberán de conter os seguintes datos:

- a) Corporación.*
- b) Denominación e clase do posto.*
- c) Nivel de complemento de destino.*
- d) Complemento específico.*
- e) Requisitos para o seu desempeño conforme a relación de postos de traballo.*
- f) Referencia ao coñecemento da lingua propia da Comunidade Autónoma correspondente, conforme á súa normativa específica.*

2. A convocatoria, que se realizará no prazo máximo de tres meses, desde que o posto de traballo clasificara a libre designación ou resultara vacante, corresponde ao Presidente da Corporación, quen a remitirá ao órgano competente da Comunidade Autónoma para a súa publicación no diario oficial correspondente e remisión ao Ministerio de Facenda e Función Pública, no prazo máximo de dez días, con referencia precisa do número e data do diario no que foi publicada.

O Ministerio de Facenda e Función Pública, dispoñerá a publicación, do extracto das devanditas convocatorias, no «Boletín Oficial do Estado».

No caso de que o Presidente da Corporación non realice a convocatoria no prazo máximo establecido, a Comunidade Autónoma requiriralle para que efectúe a mesma, nos termos regulados neste artigo, advertíndoo que de non facelo no prazo indicado iniciáse un procedemento de modificación das características do posto e a súa forma de provisión.

3. As solicitudes dirixiranse, dentro dos quince días hábiles seguintes á devandita publicación, ao órgano convocante.

Concluído o prazo, o Presidente da Corporación procederá, previa constatación dos requisitos esixidos na convocatoria, e á vista da traxectoria profesional e os méritos acreditados polos aspirantes, a ditar a resolución correspondente, no prazo dun mes, dando conta ao Pleno da Corporación.

Da devandita resolución, darase traslado ao órgano competente da Comunidade Autónoma e ao Ministerio de Facenda e Función Pública, para a publicación no «Boletín Oficial do Estado».

O posto deberá ser adxudicado entre os candidatos que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria. En todo caso, deberá quedar acreditada, como fundamento da resolución adoptada, a observancia do procedemento debido.

4. O prazo posesorio será o mesmo que se establece no artigo 41 deste real decreto.

Á vista do expediente tramitado resulta que o Concello de Lugo cumpriu os trámites requeridos.

Mediante Decreto número 8091/2025 de 25 de agosto de 2025, se aproban as bases e se procedeu á convocatoria do proceso selectivo para a provisión do posto de traballo de INTERVENTOR/A XERAL MUNICIPAL do Concello de Lugo polo sistema de libre designación (corrección de erros mediante Decreto número 8993/2025 de 25 de setembro de 2025).

Remitido á Dirección Xeral de Administración Local publícase no DOGA nº 211 de 31 de outubro de 2025 a Resolución do 22 de outubro da Dirección Xeral de Administración Local pola que se dá publicidade á convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo reservado a persoal funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional denominado interventor/a xeral do Concello de Lugo.

Finalmente publícase no BOE n.º 296 do 10 de decembro de 2025 a Resolución de 2 de decembro de 2025, pola que se publica a convocatoria para a provisión do posto de traballo reservado ao persoal funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional, polo sistema de libre designación.

O prazo de presentación de solicitudes ante a Corporación convocante remata o 02/01/2026, presentándose os candidatos sinalados neste mesmo informe e certificación emitida por esta Secretaría.

CUARTO.- Unha vez acreditados os requisitos da persoa proposta, se procederá a ditar resolución da Alcaldía debendo basearse a súa elección tanto na traxectoria profesional como nos méritos acreditados polos aspirantes.

Na base quinta das aprobadas e publicadas, dispónse que concluído o prazo, o presidente da Corporación procederá, se é o caso, tras a constatación dos requisitos esixidos na convocatoria, a ditar a resolución correspondente no prazo dun mes, e daralle conta ao Pleno da corporación e traslado daquela ao órgano competente da Comunidade Autónoma e ao Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública para a publicación no “Boletín Oficial do Estado”.

Para motivar a idoneidade do/da candidato/a elixido/a, teranse en conta especialmente os seguintes aspectos:

a) Experiencia en postos reservados a funcionarios da Administración local con habilitación nacional, subescala intervención tesourería, categoría superior en entidades locais sometidas ao réxime de organización de municipios de gran poboación (título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local) que teñan atribuídas funcións de control e fiscalización interna da xestión económico financeira e orzamentaria.

b) Experiencia en postos que teñan atribuídas funcións directivas de acordo coa normativa legal ou regulamentaria.

c) Desempeño recente dos postos de traballo coas características sinaladas nas letras anteriores, para garantir unha máis rápida adaptación ao posto ofertado.

d) Titulacións oficiais expedidas por universidades españolas ou estranxeiras diferentes ás acreditadas polo/pola aspirante para o acceso á escala, subescala e categoría que se atopen relacionadas coas funcións do posto de traballo.

Méritos aportados polos candidatos segundo as bases aprobadas:

	DON LUIS RAMÓN VÁZQUEZ PARGA	DONA MARÍA CRISTINA GONZÁLEZ SANTÍN
Acceso á Función pública	Interventor tesorera categoría de entrada: 09/07/2004 Interventor tesorero categoría superior: 20/07/2012	Interventora tesorera categoría de entrada: 21/03/2011 Interventora tesorera categoría superior: 30/06/2022
Grao persoal consolidado	30	26

ACTAS E GOBERNO

AMRG/jch/cal

Refª: ispac5256112261728678799.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-1-2026

Servizos prestados (anos)	20	14
Experiencia profesional	<u>Agrupación</u> <u>Intervención de clase</u> 2º en Cartes <u>Intervención de clase</u> 2º en Santa María de Cayón e Foz <u>Viceintervención de clase 1º en Ferrol</u> <u>Intervención de clase 1º en Ribadeo e en Lugo</u>	<u>Intervención de clase</u> 2º en Guitiriz, Chantada, Jimena de la Frontera, Foz e Burela <u>Intervención de clase 1º en Ribadeo en réxime de acumulación</u> Tesourería no Concello de Monforte de Lemos
Experiencia en postos reservados a funcionarios da Administración local con habilitación nacional, subescala intervención tesourería, categoría superior	<u>Intervención de clase 1º en Ribadeo e en Lugo</u> <u>Viceintervención de clase 1º en Ferrol</u>	<u>Intervención de clase 1º en Ribadeo en réxime de acumulación</u>
Experiencia en postos que teñan atribuídas funcións directivas de acordo coa normativa legal ou regulamentaria	<u>Intervención de clase 1º en Lugo</u>	
Experiencia en postos reservados a funcionarios da Administración local con habilitación nacional, subescala intervención tesourería, categoría superior en entidades locais sometidas ao réxime de organización de municipios de gran poboación (título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local) que teñan atribuídas funcións de control e fiscalización interna da xestión económica financeira e orzamentaria	<u>Intervención de clase 1º en Lugo</u> <u>Viceintervención de clase 1º en Ferrol</u>	
Desempeño recente	<u>Intervención de clase 1º en Lugo</u> <u>Viceintervención de clase 1º en Ferrol (sen carácter directivo)</u>	
Titulación académica	-Ciencias Empresariales Diplomatura 1997 -Licenciado Administración e Dirección de Empresas 1999. -Máster Universitario en Auditoría Pública 2023	-Ciencias Empresariales Diplomatura 2001 -Licenciada en Administración e Dirección de Empresas 2004 -Máster Universitario en Auditoría Pública 2023
Titulacións oficiais expedidas por universidades españolas ou estranxeiras diferentes ás acreditadas polo/pola aspirante para o acceso á escala	-Ciencias Empresariales Diplomatura Máster Universitario en Auditoría Pública 2023	-Ciencias Empresariales Diplomatura 2001 -Máster Universitario en Auditoría Pública 2023
Cursos recibidos	CONCESIÓN ADMINISTRATIVA EN EL ÁMBITO DE LAS CORPORACIONES LOCALES Instituto Nacional de Administración Pública 2005 PATRIMONIO DE LAS CORPORACIONES LOCALES Instituto Nacional de Administración Pública 2005 GESTIÓN PRESUPUESTARIA DE LAS ENTIDADES LOCALES Instituto Nacional de Administración Pública 2005 FISCALIZACIÓN DO URBANISMO PERSOAL SERVICIO CONCELLOS DE GALICIA Escuela Galega de Administración Pública 2007 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA Escuela Galega de Administración Pública 2007 ACTIVIDADE DE FOMENTO DAS ENTIDADES LOCAIS Escuela Galega de Administración Pública 2007 CONTRATACIÓN ÁMBITO LOCAL Instituto Nacional de Administración Pública 2008 CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA (MODALIDAD INTERNET) Instituto Asturiano de Administración Pública 2008 LA ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA. RÉGIMEN APLICABLE A LOS MUNICIPIOS EXCLUIDOS DEL ARTÍCULO 111 Instituto Nacional de Administración Pública 2009 ASPECTOS PRÁCTICOS DE LA CONTRATACIÓN Instituto Nacional de Administración Pública 2010 XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS LOCAIS Escuela Galega de Administración Pública 2010 CURSO DE TESOURARÍA E XESTIÓN DE INGRESOS LOCAIS Escuela Galega de Administración Pública 2010 CURSO DE CONTABILIDADE PÚBLICA LOCAL Escuela Galega de Administración Pública 2010 FUNCIONES PUBLICAS Y RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL DE LAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS Instituto Nacional de Administración Pública 2011 EL CONTROL Y LA FISCALIZACIÓN EN EL ÁMBITO LOCAL Instituto Nacional de Administración Pública 2011 XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS LOCAIS Escuela Galega de Administración Pública 2011 XESTIÓN DE INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVICIO Escuela Galega de Administración Pública 2011 CONTABILIDADE PÚBLICA LOCAL Escuela Galega de Administración Pública 2011 TESOURERÍA E XESTIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS LOCAIS (LO11026-T01) Escuela Galega de Administración Pública 2011 LA ADMINISTRACIÓN Y GESTION DE LOS RECURSOS HUMANOS EN LAS CORPORACIONES LOCALES Instituto Nacional de Administración Pública 2012 JORNADA SOBRE LEY ORGÁNICA DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA Y SOSTENIBILIDAD FINANCIERA Instituto Nacional de Administración Pública 2012 ANÁLISIS DE LA CONTRATACIÓN DE LAS ENTIDADES LOCALES DESDE LA VERTIENTE JURÍDICA Y DE FISCALIZACIÓN Instituto Nacional de Administración Pública 2013 OBRADOIRO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA MODIFICACIÓN DE PRAZOS DE PAGAMENTO NOS CONTRATOS PÚBLICOS, ENDEBEDAMENTO NAS ENTIDADES LOCAIS E ANÁLISE DO ANTEPROXECTO DE LEI DE	-ECSSPL ESPECIALISTA EN COSTES Y SOSTENIBILIDAD DE LOS SERVICIOS PÚBLICOS LOCALES. INAP 2015. -PLAN DE ORDENACIÓN DEL LITORAL -AUTONOMÍA Y SUFICIENCIA FINANCIERA LOCAL Diputación de Granada 2015. -LA REFORMA DE LA CONTABILIDAD DEL SECTOR PÚBLICO LOCAL. PRINCIPALES NOVEDADES. INAP 2014. -ANÁLISIS FINANCIERO Y SOSTENIBILIDAD ECONÓMICA DE LOS ENTES LOCALES. INAP 2015. -CUARTO CURSO DE GESTIÓN Y DIRECCIÓN DE PEQUEÑOS Y MEDIANOS MUNICIPIOS. COSITAL 2015. - ECSSPL LA CONTABILIDAD ANALÍTICA PÚBLICA APLICADA A LOS ENTES LOCALES. INAP 2014 - ANÁLISIS DE LA LEY DE TRANSPARENCIA Y SU APLICACIÓN EN LA ADMON LOCAL. INAP 2015 -ECSSPL LA CONTABILIDAD ANALÍTICA PÚBLICA EN EL MARCO NORMATIVO ACTUAL INAP 2014 - RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL DE LA ADMINISTRACIÓN LOCAL FORMACIÓN VIRTUAL. Diputación de Granada. 2015 - INDICADORES DE GESTION PARA LOS ENTES LOCALES. INAP 2015 -A FUNCIÓN CONSULTIVA PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL. EGAP 2012 -EXTINCIÓN E LIQUIDACIÓN DE ENTES MUNICIPAIS. REMUNICIPALIZACIÓN DOS SERVIZOS LOCAIS. EGAP 2017 -PERSOAL LABORAL TEMPORAL NA ADMINISTRACIÓN LOCAL. PROCEDIMIENTOS DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO E FUNCIONARIZACIÓN. EGAP 2017 - O RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIONS NAS EELL. ESPECIAL REFERENCIA AO CONTROL INTERNO. EGAP 2019 -FISCALIZACIÓN E CONTROL DA ACTIVIDADE DE ENTES LOCAIS. EGAP 2019 -FUNCIONS DOS FUNCIONARIOS DE HABILITACIÓN NACIONAL CON HABILITACIÓN NACIONAL TRAS A ENTRADA EN VIGOR DO RD 128/2018, DEL 16 DE MARZO, ESPECIAL REFERENCIA ÁS FUNCIÓNS DE TESOURERÍA. EGAP 2019 -DIPLOMA DE ESPECIALIZACIÓN EN PRESUPUESTOS Y CONTABILIDAD LOCAL. Diputación de Granada 2021. - CURSO DE ESTUDIOS AVANZADOS SOBRE TESORERÍA Y RECAUDACIÓN. Diputación de Granada 2021. -CURSO DE ESTUDIOS AVANZADOS SOBRE RENDICIÓN DE CUENTAS Y AUDITORÍAS EN LAS ENTIDADES LOCALES Diputación de Granada. 2021 - CONCURSO DE ACREEDORES EN LOS PROCEDIMIENTOS TRIBUTARIOS LOCALES. Diputación de Granada. 2021 -DIPLOMA DE ESPECIALIZACIÓN EN PRESUPUESTOS Y CONTABILIDAD LOCAL. Diputación de Granada 2021. - DIPLOMA DE ESPECIALIZACIÓN EN XESTIÓN FINANCIERA LOCAL. IAAP 2022. - CURSO DE ESTUDIOS AVANZADOS SOBRE TESORERÍA Y RECAUDACIÓN IAAP. 2021 - A INTERVENCIÓN DO CONSELLO CONSULTIVO DE

	RACIONALIZACIÓN E SOSTENIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL LA REFORMA DE LA CONTABILIDAD DEL SECTOR PUBLICO Instituto Nacional de Administración Pública 2014 IMPUESTO SOBRE CONSTRUCCIONES INSTALACIONES Y OBRAS Instituto Nacional de Administración Pública 2014 REDACCIÓN DE DOCUMENTOS TÉCNICO-XURIDICOS EN GALEGO Escola Galega de Administración Pública 2015 O NOVO RÉXIME DE TESOURERÍA MUNICIPAL. ESPECIAL REFERENCIA AOS MUNICIPIOS DE MENOS DE 5000 HABITANTES Escola Galega de Administración Pública 2017 OS ORZAMENTOS DAS ENTIDADES LOCAIS. INFORMES DE VIABILIDADE E REGRA DE GASTO Escola Galega de Administración Pública 2017 PERSONAL LABORAL TEMPORAL NA ADMINISTRACIÓN LOCAL. PROCEDIMENTOS DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO E FUNCIONARIZACIÓN Escola Galega de Administración Pública 2018 XESTION DE TESOURERÍA MUNICIPAL Escola Galega de Administración Pública 2018 GUIAS PRACTICAS DE EJERCICIO DA FUNCION INTERVENTORA Escola Galega de Administración Pública 2018 ELABORACIÓN DE PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E PRESCRIPCIONES TÉCNICAS NA ADMINISTRACIÓN LOCAL Escola Galega de Administración Pública 2018 XORNADA SOBRE A NOVA LEI 9/2017 DE CONTRATOS DO SECTOR PUBLICO Deputación de Lugo 2018 CONTROL FINANCEIRO NAS ENTIDADES LOCAIS. PLANIFICACION ANUAL E ELABORACION DA MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO AUDITORIA. MODALIDADE PRESENCIAL Deputación de Lugo 2019 XORNADAS SOBRE AS FUNCIONALIDADES DE WINTASK SICAL Deputación de Lugo 2019 XESTION DE TESOURERÍA MUNICIPAL Escola Galega de Administración Pública 2019 O RÉXIME XURIDICO DAS SUBVENCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS. ESPECIAL REFERENCIA AO CONTROL INTERNO Escola Galega de Administración Pública 2019 FUNCIONS DOS FHNE TRAS A ENTRADA EN VIGOR DO R.D. 128/2018, DO 16 DE MARZO, ESPECIAL REFERENCIA AS FUNCIONS DE TESOURERÍA (LO19014) Escola Galega de Administración Pública 2019 EXTINCIÓN E LIQUIDACIÓN DE ENTES MUNICIPAIS. REMUNICIPALIZACIÓN DOS SERVICIOS LOCAIS. (LO19012) Escola Galega de Administración Pública 2019 FISCALIZACIÓN E CONTROL DA ACTIVIDADE DE ENTES LOCAIS Escola Galega de Administración Pública 2020 O RÉXIME XURIDICO DAS SUBVENCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS. ESPECIAL REFERENCIA AO CONTROL INTERNO Escola Galega de Administración Pública 2020 PLANS DE SANEAMENTO FINANCEIRO E DE AXUSTE NAS ENTIDADES LOCAIS Escola Galega de Administración Pública 2020 PERSONAL LABORAL TEMPORAL NA ADMINISTRACIÓN LOCAL. PROCEDIMENTOS DE CONSOLIDACIÓN DE EMPREGO E FUNCIONARIZACIÓN Escola Galega de Administración Pública 2021 XESTIÓN ORZAMENTARIA EN ENTIDADES LOCAIS Escola Galega de Administración Pública 2021 XESTIÓN DOS FONDOS NEXT GENERATION NO ÁMBITO LOCAL Escola Galega de Administración Pública 2024 -XESTIÓN DE TESOURERÍA MUNICIPAL Escola Galega de Administración Pública 2024 -O FINANCIAMENTO DO URBANISMO EN GALICIA Escola Galega de Administración Pública 2025	GALICIA NA CONTRATACIÓN PÚBLICA. EGAP 2022. - CONTABILIDAD PÚBLICA LOCAL. COSITAL 2022 - EL CONTROL INTERNO EN LA ADMINISTRACIÓN LOCAL. COSITAL 2022 - DIPLOMA DE ESPECIALIZACIÓN EN RÉGIMEN JURÍDICO DEL EMPLEADO PÚBLICO LOCAL. Diputación de Granada 2022. - CURSO PRÁCTICO SOBRE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DAS ENTIDADES LOCAIS. EGAP 2022. - OS RECURSOS ADMINISTRATIVOS NA LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDIMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. EGAP 2022. -JORNADA ONLINE DE CONTROL INTERNO Y DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA Y ENDEUDAMIENTO, Consejo General de Colegios Oficiales de Secretarios, Interventores y Tesoreros de Administración Local. -JORNADA ONLINE: LA NUEVA PLUSVALÍA MUNICIPAL, Consejo General de Colegios Oficiales de Secretarios, Interventores y Tesoreros de Administración Local. -JORNADA ONLINE DEL OBSERVATORIO DE PERSONAL: REPERCUSIÓN EN EL EMPLEO PÚBLICO DE LAS NOVEDADES DE LA LEY DE PRESUPUESTOS GENERALES DEL ESTADO 2022 Y LA NUEVA NORMATIVA PARA LA REGULACIÓN DE LA TEMPORALIDAD, Consejo General de Colegios Oficiales de Secretarios, Interventores y Tesoreros de Administración Local. -JORNADA ONLINE DEL OBSERVATORIO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA LOCAL: PUEGOS DE CONTRATACIÓN. PCAP MODELO, EN ESPECIAL PARA LA GESTIÓN DE FONDOS COMUNITARIOS. PAUTAS PARA LA ELABORACIÓN DE LOS PPT, Consejo General de Colegios Oficiales de Secretarios, Interventores y Tesoreros de Administración Local. -I CONGRESO VIRTUAL DEL PORTAL DE CONTROL INTERNO, Consejo General de Colegios Oficiales de Secretarios, Interventores y Tesoreros de Administración Local. -I CONGRESO VIRTUAL DEL PORTAL DE TESORERÍA, Consejo General de Colegios Oficiales de Secretarios, Interventores y Tesoreros de Administración Local. -JORNADA ONLINE DE LOS OBSERVATORIOS DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA Y ENDEUDAMIENTO DE COSITALNETWORK: "CUESTIONES FUNDAMENTALES PARA LA ELABORACIÓN DE LOS PRESUPUESTOS DE LAS ENTIDADES LOCALES PARA 2022: SUSPENSIÓN REGLAS FISCALES, INGRESOS POR PARTICIPACIÓN EN TRIBUTOS DEL ESTADO, ENDEUDAMIENTO Y PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA", COSITAL. -JORNADA SOBRE LA LOEPSF. INAP 2012. -TALLER: GESTIÓN TRIBUTARIA DE LOS IMPUESTOS Y LAS TASAS EN LAS EELL. FORMACIÓN VIRTUAL Diputación de Granada 2015. -TALLER: ELABORACIÓN, GESTIÓN, ANALISIS DE TAREAS Y DIAGNOSTICO ORGANIZATIVO DE LA RPT Diputación de Granada 2016. -ASPECTOS PRACTICOS DA XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN NAS EELL. COSITAL 2024. -PLAN DE ORDENACIÓN DEL LITORAL. INAP 2011. -LINEAS GENERALES DEL PROCESO CONCURSAL INAP 2011. -FUNCIONES PÚBLICAS Y RESPONSABILIDAD PATRIMONIAL. INAP 2011. -GESTIÓN TRIBUTARIA DE LOS IMPUESTOS Y LAS TASAS. INAP 2015. -CURSO DE ANALISE DO CUSTO EFECTIVO DOS SERVICIOS. EGAP 2015.
--	---	--

Atendendo ao disposto nas bases aprobadas por Decreto número 8091/2025 de 25 de agosto de 2025, (corrección de erros mediante Decreto número 8993/2025 de 25 de setembro de 2025) para motivar a idoneidade do/da candidato/a elixido/a, teranse en conta especialmente os seguintes aspectos:

a) Experiencia en postos reservados a funcionarios da Administración local con habilitación nacional, subescala intervención tesourería, categoría superior en entidades locais sometidas ao réxime de organización de municipios de gran poboación (título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local) que teñan atribuídas funcións de control e fiscalización interna da xestión económico financeira e orzamentaria.

b) Experiencia en postos que teñan atribuídas funcións directivas de acordo coa normativa legal ou regulamentaria.

c) Desempeño recente dos postos de traballo coas características sinaladas nas letras anteriores, para garantir unha máis rápida adaptación ao posto ofertado.

d) Titulacións oficiais expedidas por universidades españolas ou estranxeiras diferentes ás acreditadas polo/pola aspirante para o acceso á escala, subescala e categoría que se atopen relacionadas coas funcións do posto de traballo.

O candidato Don Luis Ramón Vázquez Parga é o único que cumpre todos e cada un deles, como se recolle no cadro anterior, mentres que Dona María Cristina González Santín unicamente acredita titulacións diferentes ás esixidas para o acceso á escala, subescala e categoría, apartado d), o que tampouco supón ningunha diferenciación, ao ser idénticas ás achegadas polo primeiro. Por tanto, dende o punto de vista sinalado nas bases da convocatoria aprobadas pola Alcaldía, resultaría ser o candidato máis idóneo.

Este é o meu informe que someto a calquera outro mellor fundado en dereito.”

Ademáis do recollido no informe transcrito e analizados os currículos dos aspirantes, resulta que ambos recibiron unha ampla formación nas materias propias da subescala de intervención-tesourería, se ben soamente don Luis Ramón Vázquez Parga ten exercido, ademáis recentemente, as súas funcións en municipios sometidos ao réxime de gran poboación do Título X da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Precisamente dende a reforma operada nesta Lei, a figura do Interventor Xeral é clave en calquera municipio desta natureza cunhas funcións de control e fiscalización interna da xestión económico financeira e orzamentaria que abranguen a práctica totalidade da actividade municipal, fronte a outros postos tamén servidos por funcionarios con habilitación de carácter nacional como podería ser o de Secretario/a Xeral do Pleno, que circunscribe a súa función asesora ás materias de competencia deste órgano, que viu suprimidas as súas funcións executivas ou administrativas en detrimento doutros órganos municipais; ou incluso o Tesoureiro/a con funcións clave pero en calquera caso restrinxidas á realización material dos ingresos e pagos e á xestión tributaria e recadatoria.

En consecuencia, á vista do exposto nos parágrafos anteriores, da traxectoria profesional e os méritos acreditados por Don Luis Ramón Vázquez Parga, esta

Alcaldía considera que é o candidato máis idóneo para ocupar o posto de traballo de INTERVENTOR/A XERAL DO CONCELLO DE LUGO.

Por todo o anterior e no exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación en materia de réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear a don Luis Ramón Vázquez Parga, con DNI 33328308C e NRP 33328308/68/A/3013, funcionario de Administración Local, con habilitación de carácter nacional pertencente á subescala de Intervención-Tesourería, categoría Superior, **INTERVENTOR XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos candidatos que optaron ao posto e ao elixido con indicación de que contra este acto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado desta orde de Lugo. Non obstante, poderán interpoñer, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo de 1 mes, contado dende o día seguinte á súa notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses e, no caso de que non se resolva expresamente, poderá presentarse en calquera momento, dende que se produza o silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime convinte.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

CUARTO.- Dar traslado á Dirección Xeral de Administración Local e ao Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública aos efectos oportunos.

Cúmprase.'

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

TESOURERÍA

11/11 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE DECEMBRO DE 2025.- En cumprimento do establecido no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Tesoureira Municipal e Titular do Órgano de Xestión Económico-Financeira durante

ACTAS E GOBERNO

AMRG/jch/cal

Refº: ispac5256112261728678799.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-1-2026

o mes de DECEMBRO de 2025, coa numeración 143/2025 a 150/2025.

Do 01 ao 31 de DECEMBRO de 2025 ditáronse pola Tesourería as seguintes resolucións:

Nº de Expediente	Asunto	Número de documento	Fecha Firma
2025/T030/000144	Resolución Tesourería anulación providencia de constrinximento Bershka SA y Grupo Massimo Dutti Sa	2025/143	05/12/2025
2025/T030/000145	Resolución Tesourería.- Recurso reposición providencia de constrinximento LAURA NAYA RIVAS da multa 2019B00000546	2025/144	10/12/2025
2025/T030/000147	Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de constrinximento JOSÉ RIVERA VILAR nº recibo 11861144 ICIO	2025/145	10/12/2025
2025/T030/000146	Resolución Tesourería.- Rehabilitación a voluntaria RADOUANI*BELJABBAR,EL HASSAN recibo IBI nº 12547005	2025/146	10/12/2025
2025/T030/000151	Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto providencia de constrinximento EBEROLECTRA 3000 SL da liquidación nº 11348228 da Sanción de Inspección.	2025/147	18/12/2025
2025/T030/000150	Resolución Tesourería.- Recurso de reposición providencia de constrinximento MARÍA BENEDICTA FERNÁNDEZ DÍAZ Multa 2012-S-00000187	2025/148	18/12/2025
2025/T030/000153	Resolución Tesourería.- Deixar sen efecto a providencia de constrinximento MARÍA BELÉN VÁZQUEZ CEREIJO HY recibo IBIR nº 12575998	2025/149	29/12/2025
2025/T030/000152	Retroacción do procedemento de constrinximento de 5 recibos de IVTM 2025 pagados o 20 de novembro e dos que BBVA non remitiu información ata o ficheiro do día 05-12-2025	2025/150	30/12/2025

De todo o cal o Excmo. Concello Pleno quedou informado para os oportunos efectos.

C) ROGOS E PREGUNTAS**ROGOS:**

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 26/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE INSTALE NA PISCINA MUNICIPAL EXTERIOR DE FRIGSA UN SISTEMA DE ACCESO Á AUGA QUE GARANTA A AUTONOMÍA DAS PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Dende hai tempo vimos solicitando que na piscina municipal exterior de Frigsa se instale un dispositivo que permita ás persoas con mobilidade reducida acceder á auga de forma autónoma.

E quero subliñar unha palabra: **autónoma**. Non falamos de asistencia puntual nin de boa vontade. Falamos de dereitos, de dignidade e de igualdade real.

Hoxe, unha persoa con mobilidade reducida que quere usar a piscina municipal depende de que alguén a axude, de que haxa persoal dispoñible, ou incluso da boa disposición de terceiros. Iso non é accesibilidade. Iso é dependencia.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta un **rogo** ante este Pleno para que o Concello adopte as medidas necesarias para instalar na piscina municipal exterior de Frigsa un sistema de acceso á auga que garanta a autonomía real das persoas con mobilidade reducida, e que o faga con criterios de normalidade, de inclusión e de respecto.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, pois para formular o rogo creo que ten a palabra en representación do Partido Popular o señor Díaz Rey. Cando queira.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias señor alcalde.

Miren, hoy traemos este ruego por cuarta vez, ya lo conocen, y no porque nos guste repetirnos sino porque ustedes siguen sin resolverlo. Estamos hablando de algo básico, de algo obvio, de un derecho. Pedimos un sistema que permita a las personas con movilidad reducida acceder de forma autónoma a la piscina municipal exterior de Frigsa. De forma autónoma, sin ayuda, sin asistencia, sin depender de otras personas, porque la autonomía no es un capricho, es un derecho, y la accesibilidad no se maquilla, se garantiza. Así que si ustedes me van a contestar que ya han actuado, no es cierto, porque lo único que han hecho es poner un parche, han colocado una grúa, que no da autonomía, una grúa, no la han, la utilizan, efectivamente. Una grúa a la que no se puede subir nadie solo sin ayuda y de la que no se puede bajar nadie solo tampoco. Eso no es accesibilidad, eso es dependencia y esto no lo decimos nosotros, los vecinos y vecinas de esta ciudad, usuarios de esta piscina les pueden explicar con claridad cómo funciona hoy el acceso a la misma, como dependen de otros, como no pueden decidir cuándo bañarse, esa es la realidad, por mucho que intenten negarla o maquillarla. Por eso quiero ser muy claro hoy, no me voy a cansar de traer esta petición al Pleno, no voy a descansar hasta que se instale un sistema que garantice la autonomía real. Si vuelven a responder con evasivas o con afirmaciones que no son ciertas, no quedará más remedio, que ustedes mismos tengan que dar la cara ante los usuarios de la piscina en este mismo Pleno o donde sea, para que sean ellos a quienes les tengan que responder con excusas, porque lo que no es aceptable, seguir hablando de accesibilidad y no atender a las personas que se encuentran con barreras, sin escucharlas y sin darles soluciones. No más parches, no más excusas, no más grúas malpensadas. Normalidad, inclusión, respeto. Reflexionen, esto no va de partidos ni de siglas, va de respeto, de dignidad y de derechos. Muchas gracias.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas gracias a vostede e contesta o concelleiro de Deportes, señor Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, alcalde. Home, a ver, non diga que comprar unha grúa de accesibilidade é poñer un parche porque custa moitos cartos, moitos cartos, e ninguén se queda sen bañar, pero, de todas maneiras, en relación á instalación da grúa de forma autónoma, unha grúa anclada dentro do vaso da piscina tomarémolo en consideración para este ano.

EXCMO. SR. ALCALDE: Pasamos ó seguinte rogo.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 27/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE GARANTA O SUBMINISTRO DE AUGA ESTABLE E DEFINITIVO EN TODOS OS LOCAIS E CENTROS SOCIAIS DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE LUGO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

O conxunto de locais e centros sociais das parroquias do Concello de Lugo constitúen espazos municipais destinados a acoller actividades veciñais, reunións sociais, culturais e recreativas, converténdose en puntos de encontro fundamentais para a vida comunitaria do rural lucense.

Algúns deste locais sociais abastécense de auga mediante un pozo, pero en moitos casos deixaron de funcionar e como solución provisional, o Concello enviaba camións de auga, unha medida que puntual e que non se mantivo no tempo.

O acceso á auga é un servizo básico que o Concello debe asegurar en condicións de igualdade para todos os barrios e parroquias. Manter no tempo situacións de falta de abastecemento ou dependencia de achegas puntuais xera malestar e unha lóxica sensación de abandono na veciñanza, que ve como determinados equipamentos municipais non dispoñen das mesmas condicións que outros do municipio.

Ademais, un equipamento municipal destinado ao uso público non pode depender indefinidamente de solucións temporais sen planificación estable nin garantía de continuidade. É necesario que o goberno municipal concrete cal é a súa planificación para garantir que todos os centros sociais das parroquias contén cos servizos básicos, como é un subministro de auga estable, seguro e definitivo, poñendo fin a unha situación que non debería prolongarse no tempo.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO un ROGO para que o Goberno municipal garanta o subministro de auga estable e definitivo en todos os locais e centros sociais das parroquias do Concello de Lugo.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, pois ten a palabra para formular o rogo a señora Rubinos. Cando queira.

DONA FLORA RUBINOS ROIS: Os locais e centros sociais das parroquias do Concello de Lugo son instalacións municipais pensadas para dar servizo á veciñanza. Neles celébranse reunións, actividades culturais, propostas de lecer, encontros veciñais de todo tipo. En moitas parroquias son ademais o principal punto de encontro, o lugar onde a xente se xunta, organiza iniciativas e mantén viva a convivencia e a participación no rural lucense. Por iso estes espazos teñen que contar coas condicións básicas para poder funcionar con normalidade e unha desas condicións imprescindible, é dispoñer de auga. Durante un tempo, e como medida de urxencia, o Concello tratou de saír do paso enviando camións cisternas con auga, pero esa solución foi puntual, non se mantivo no tempo e sobre todo non é unha alternativa seria nin estable para un servizo tan básico. Un centro social non pode depender de que de vez en cando chegue un camiión para poder abrir, limpar, manter os baños en condicións ou realizar actividades con normalidade. Ese tipo de parche pode servir un día, unha semana ou nun caso moi concreto, pero non pode converterse nunha maneira habitual de xestionar un equipamento municipal. Ademais, hai un punto importante que non se pode pasar por alto: un equipamiento municipal destinado ao uso público non pode vivir indefinidamente de solucións temporais improvisadas e sen unha planificación clara. A administración local ten a obriga de actuar con responsabilidade, con previsión e con criterios de continuidade. Se hai locais sociais con problemas de abastecemento, o que corresponde é analizar cada caso, determinar cén é a solución axeitada e executar as actuacións necesarias para garantir un subministro estable, seguro e definitivo. Por todo isto, é necesario que o Goberno municipal explique cén é a súa planificación para resolver esta situación dunha vez por todas. A veciñanza merece saber que as medidas, qué medidas se van tomar, en qué prazos e con qué recursos, e merece tamén unha solución real, non parches que se poñen un tempo e despois desaparecen. En consecuencia, e atendendo a todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante este Pleno un rogo para que o Goberno municipal garanta con carácter estable, definitivo, o subministro de auga de todos os locais e centros sociais das parroquias do Concello de Lugo, poñendo fin a unha situación que non debería prolongarse máis e asegurando que estes espazos municipais poidan cumprir a súa función en condicións dignas e iguais para toda a veciñanza. Moitos grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas a vostede e contesta a señora Reigosa. Cando queira.

DONA MARÍA REIGOS CASTRO: Grazas, alcalde. Se estudiará y espero que se resuelva en un plazo breve de tiempo.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, moitas grazas, pasamos ó seguinte rogo.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 28/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO MUNICIPAL INFORME DAS ACTUACIÓNS QUE TEN PREVISTAS PARA DAR SOLUCIÓN AOS PROBLEMAS QUE MANIFESTAN OS VECIÑOS DA PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE BÓVEDA.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Nas reunións realizadas polo grupo municipal do Partido Popular, os veciños da parroquia de Santa María de Bóveda manifestaron a súa preocupación pola situación na que se atopan os núcleos cercanos.

Á zona de infravivendas súmase a proliferación de vertedoiros que supoñen un risco para a seguridade e a salubridade da veciñanza. Non se pode normalizar a existencia de puntos de acumulación de residuos xa que degradan a contorna, poñen en risco a saúde e a seguridade polo risco de incendios que supoñen e danan a imaxe do municipio.

O grupo municipal do Partido Popular presenta un ROGO a pleno para que o goberno municipal informe das actuacións que ten previstas para dar solución a estes problemas.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Ben, formula o rogo por parte do Partido Popular, o señor Díaz. Cando queira.

DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY: Muchas gracias, señor alcalde.

Desde el Grupo Municipal del Partido Popular traemos hoy a este Pleno un ruego que nace de la preocupación real, legítima y creciente de los vecinos de Santa María de Bóveda, una preocupación que nos han trasladado de manera clara en las reuniones que hemos mantenido con ellos. Hablamos de vecinos que sienten que su barrio está siendo abandonado, que ven cómo pasan los años sin que se ponga solución a problemas que no sólo persisten, sino que se agravan a la ya complicada situación de las infraviviendas se suma ahora la proliferación de vertederos incontrolados en los núcleos cercanos. Una realidad que no se puede maquillar ni minimizar. Por ejemplo pues en el núcleo de Buratai, donde no pueden ni siquiera entrar en sus fincas los vecinos. Estamos hablando de residuos acumulados sin control, de espacios degradados, que suponen un riesgo evidente para la seguridad y la salubridad de los vecinos, riesgo de incendio, focos de suciedad, plagas, malos olores y, en definitiva, una sensación de inseguridad permanente para quienes viven allí y cumplen con sus obligaciones como cualquier otro vecino del municipio. Lo que no se puede hacer es mirar hacia otro lado, ni normalizar la degradación de barrios enteros y tampoco permitir que haya vecinos de primera y vecinos de segunda, porque cuando se toleran vertederos ilegales, cuando se permite que el entorno se deteriore, lo que se está diciendo a los vecinos es que su barrio no importa, que su seguridad y su calidad de vida no son una prioridad para este Gobierno municipal. Desde el Partido Popular creemos que gobernar es actuar, es

anticiparse a los problemas y dar soluciones, no resignarse ni justificar la inacción. La imagen que se está proyectando de Santa María de Bóveda y de sus alrededores no es digna de un municipio que aspira a ser moderno, seguro y habitable. Por todo ello traemos hoy este ruego para que el Gobierno municipal asuma responsabilidades y actúe para mejorar la situación de la zona. Los vecinos no quieren discursos vacíos ni promesas indefinidas, quieren hechos, soluciones y compromiso político y este Pleno no puede ser ajeno a esta realidad. Santa María de Bóveda no puede seguir esperando, muchas gracias.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas gracias. Señora Abelleira, cando queira.

DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA: Ben, indicarlle que se esqueceu o Partido Popular, que a través do servizos de limpeza hai operativos que cada vez que se presentan estes vertedoiros actúan e ademais están...si, si, pode comprobalo perfectamente. Pero ben esa catástrofe que vostede se limita a definir o que é un vertedoiro incontrolado, recollido do dicionario, pero non ten que ver. Quero dicir o rogo non é que vaia ser atendido, é que xa se están levando a cabo os traballos necesarios para esos vertidos, ademais de actuacións e independentemente da zona do Carqueixo, como ben saben que todos os anos se acometen, actuacións a través das distintas brigadas, tamén do Parque Móbil, para solucionar estes problemas e sempre que hai vertedoiros incontrolados, este Goberno actúa a través dos servizos de limpeza, porque está establecido así rigorosamente recollido no contrato de limpeza. Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, seguinte rogo.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 29/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE SE INCLÚA AOS VOCEIROS (OU CONCELLEIRO QUE O SUBSTITÚA) DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS NAS DIFERENTES RECEPCIÓNS INSTITUCIONAIS QUE SE ORGANICEN NO CONCELLO DE LUGO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

O Concello de Lugo realiza de maneira recorrente recepcións institucionais a entidades sociais, deportivas e doutro ámbito, ás que acoden unicamente membros do equipo de goberno, sen que se convida a ningunha representación dos grupos da oposición, o que supón unha falta de lealdade institucional e unha visión partidista de actos que deberían ter carácter plenamente institucional.

Estas recepcións representan ao conxunto da Corporación municipal e, por tanto, a todos os veciños e veciñas de Lugo, polo que resulta necesario garantir a presenza e participación de todos os grupos municipais.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Ben, por parte do Partido Popular ten a palabra a señora Candia.

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Si, gracias novamente. De xeito breve. Moitas veces analizamos datos, ítems que nos permiten valorar cómo evoluciona pois a realidade democrática desta Administración local no día a día. Sempre dicimos que a maioría das cousas que analizamos realmente foi a peor. E no respecto institucional pois non...ben... no convite ao grupo maioritario desta Corporación, que é ó que eu represento, ignoralos constantemente, aquí traigo cinco fotos, pero podería poñer moitísimas máis, pois cando se recibe a un equipo deportivo da cidade, porque acaba de conquistar un éxito deportivo, cando se fai unha visita incluso dun colexio que quere conocer as instalacións. O feito de que a forza maioritaria nunca estea presente, porque nunca está avisada e nunca é invitada, reflicte á sociedade unha visión sesgada, un engano, porque realmente hai unha parte moi importante da sociedade que non está representada, iso foi a menos. Eu teño que poñer en valor alcaldes que precederon na responsabilidade. Os compañeiros, eu non estaba, pero cando analizabamos nas reunións de traballo a posibilidade de alzar a voz por este desprezo, por esa vulneración de dereitos, por ese intento de desprestixiar ata no plano institucional, nas recepcións oficiais, cando vén algún organismo económico...somos representantes dos lucenses mal que lles pese. Nas recepcións institucionais temos dereito a estar presentes porque representamos unha parte moi importante da sociedade, cuantitativa e cualitativamente. E máis alá de que efectivamente con vostedes é moi complicado facerlles rectificar, neste aspecto si que lles pediría unha reflexión, creo que é sano democraticamente, creo...sempre o defendín, respectar os dereitos da xente, o da oposición, sempre llelo recordo, está recollido no artigo 23 da Constitución, é dereito fundamental e non ten que ter ningún medo a que un representante do Partido Popular saúde a un colexio, saúde a unha representación institucional do Goberno de Pequín, agora, que por exemplo está tan relacionado con vostedes ou...ben calquera. Nós temos dereito a estar, e creo que que non se nos dea participación é un erro democrático, é unha vulneración de dereitos, e honestamente, ten a verdade unha moi mala imaxe tamén como Goberno, porque evidentemente o Goberno son vostedes, pero Corporación somos todos e temos dereito a estar. É unha actitude ruin que non conduce a nada e que lle pedimos, por favor, que rectifiquen.

EXCMO. SR. ALCALDE: Motas grazas, contesta o señor Bustos. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, alcalde. Teño subraiada aquí unha frase: 'unha falta de lealdade institucional'. Despois da súa intervención, que somos malísimos. Mire, non cuspa para arriba que na cara cae, porque claro, empece a mirar as fotos na Xunta, mira unha presentación á Xunta, hai un concelleiro municipal, non ten competencia na Xunta. A pena é que as túas están en cor e as miñas en branco e negro, pero ben, vense ben. Aquí hai outra recepción deste ano na Xunta, está vostede aquí e un concelleiro municipal, que está ben, pero, claro, non sei se aquí foi como vicepresidenta do Parlamento ou como concecalleira municipal. Despois imos a outra foto. Outra recepción da Xunta onde

invitan só a un partido, neste caso o Partido Popular, hai outro concelleiro municipal e noutra recepción da Xunta, un pouquiño máis afastado no tempo, pois hai outro concelleiro municipal. Entón qué quero dicir con isto. É claro. Rubén, a vos vos invitan cando van na Xunta? Alcalde a vostede invitarono cando van a recepción á Xunta?. Pois entón cando nos inviten na Xunta invitaremos nos aquí a todos os partidos políticos. É tan sinxelo coma iso.

EXCMO. SR. ALCALDE: Ben, rematadas...perdón!...perdón! Continuamos...Veña, imos pasar...hai catro preguntas. Imos pasar á primeira pregunta, señora secretaria, Cando queira.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 30/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS ACTUACIÓNS CONCRETAS ADOPTADAS DESDE A CELEBRACIÓN DO PLENO DE SETEMBRO DE 2025 EN RELACIÓN COA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.-

Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

No Pleno de setembro de 2025 formulouse unha pregunta sobre a situación da Escola Municipal de Música e da Banda, á que deu resposta a concelleira de Cultura. Naquela sesión anunciouse que existía unha folla de ruta para resolver o conflito e que nas seguintes semanas se producirían avances, incluíndo os pasos necesarios para a elección do equipo directivo da Escola. Transcorrido este tempo, considérase oportuno solicitar información actualizada en sede plenaria.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o Pleno, a seguinte pregunta:

- **Pode o Goberno municipal indicar que actuacións concretas se adoptaron desde o Pleno de setembro de 2025 en relación coa Escola Municipal de Música (aprobación da RPT, resolución do conflito laboral e inicio do procedemento para elixir o equipo directivo) e cal é a data prevista para a reapertura da Escola con actividade docente normalizada?**

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, pois formula a pregunta o señor Vázquez.

DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO: Muchas gracias, señor alcalde. En primer lugar, señor alcalde se lo digo con todos los respetos, ha habido una concejal, se ha ausentado ahora mismo, que ha tachado a mi compañero de obsceno y machista, sin que haya habido ninguna reprobación por su parte ante unos insultos tan graves: Me parece que no es ético ni responsable ese tipo de denominaciones con respecto a los miembros de esta Corporación. Centrándome ya concretamente en la pregunta en cuestión, el tema de la Escuela de Música y de la Banda de Música,

yo decía en mi primera intervención que había determinadas cuestiones que se habían vuelto una bola de carne en la boca del Gobierno, que son ustedes incapaces de deglutir. Esta es otra de ellas porque, concretamente, en el mes de septiembre se formulaba una pregunta sobre la situación de la Banda de Música y de la Escuela de Música, la señora Ferreiro anunciaba que en el mes de octubre se solucionaría el tema de la Banda de Música y que, de hecho, habría un concierto programado por la propia banda. El propio director ese mismo día en el Templete dijo que no era una Banda de Música, sino que se trataba simplemente de una Agrupación de Cámara. Algo que yo lamento profundamente. Lo lamento en primer lugar por la Banda de Música, lo lamento también por usted, señora Ferreiro, y lo lamento también por los lucenses y por mí mismo, que yo no tengo ninguna alegría porque la Banda de Música haya finalmente no sé si desaparecido, pero desde luego está en una situación de catarsis. Dicho esto, en el mes de septiembre formulabamos una pregunta sobre, en qué situación se encontraba en este caso la Escuela de Música de la Banda de Música. Decía que, bueno, que estaban trabajando en ello y que en las siguientes semanas se producirían avances. Bueno, pues, eh, las siete semanas estamos ya en enero del 26. Y por eso la pregunta dice: Pode o Goberno municipal indicar que actuacións concretas se adoptaron dende o pleno de setembro do 25 en relación coa Escola Municipal de Música, a aprobación da RPT, resolución do conflito laboral e inicio do procedemento para elixir equipo directivo e cál é a data prevista para a reapertura da Escola con actividade docente normalizada?

EXCMO. SR. ALCALDE: Ten que rematar señor Vázquez, moitas gracias. Ten a palabra para contestar a señora Ferreiro.

DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN: Seguiuse dende a área de Personal facendo o percorrido administrativo correspondente e agora, unha vez que aprobemos...que se aproben os orzamentos, deste ano 2026, se iniciarán si os seguintes pasos para a modificación e aprobación da RPT, y, ben pois para intentar chegar a un acordo de novo co persoal da Escola de Música para iniciar tamén o proceso para a elección dunha nova directiva. Gracias.

EXCMO. SR. ALCALDE: Gracias, señora Ferreiro. Continuamos coa seguinte pregunta, secretaria.

B) PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 31/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO NÚMERO DE USUARIOS QUE PARTICIPARON NUNHA ACTIVIDADE FORMATIVA DENTRO DO PLAN NACIONAL SOBRE DROGAS E O PROGRAMA +XTI2024-2025.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

Ao abeiro da xustificación facilitada a este grupo da subvención concedida ao Concello de Lugo a través da Delegación do Goberno dentro do Plan Nacional sobre Drogas e o Programa +XTI2024-2025, con número de orde 1 e con data de emisión 25/04/2025, consta o desenrolo dunha actividade formativa cuxo concepto

da factura indica “5 sábados actividades marzo Programa +XTI 2025, 5 beneficiarios, espacio privado Factura 1” por un importe de 3.406,80€ e unha empresa cuxo obxecto social é “compravenda ao por maior e menor de alimentos e complementos alimenticios, de dietética, de nutrición deportiva e de saúde e benestar de todo tipo”.

En base o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o Pleno, a seguinte pregunta:

- **Cantos usuarios tivo a referida actividade en cada un dos sábados programados?**

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Moi ben, pois formula a pregunta a señora Carballas. Cando queira.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS FERREIRO: Grazas, señor alcalde. Unha imaxe vale máis que mil palabras e o que tivemos hoxe aquí cos sindicatos manifestándose é a fiel imaxe do Goberno municipal e se xestionan así o que podemos ver, imaxínense o que non vemos. Por iso, como labor de control da oposición, traemos esta pregunta a Pleno. Segundo a documentación xustificativa que se lle facilitou a este grupo municipal sobre unha subvención concedida ao Concello de Lugo a través da Delegación do Goberno no marco do Plan Nacional sobre Drogas e do programa ‘+XTi 2024-2025’ consta o desenvolvemento dunha actividade formativa que factira como: Cinco sábados, actividades marzo, Programa +XTi 2024-2025, cinco beneficiarios, espacio privado, por un importe total de 3406,30 euros. Nos chama a atención que a empresa que emite esta factura, ten como obxecto social a compra-venda ó por maior e menor de alimentos e complementos alimenticios, dietética, nutrición deportiva de saúde, e benestar. Dende o Grupo Municipal do Partido Popular, non poñemos en dúbida a utilidade destes programas de prevención ou intervención, a contrario, creemos que son necesarios, pero precisamente por ser necesarios e por traballar con poboación potencialmente vulnerable deben estar perfectamente xustificadas: cando se fixo, con quen, cuántas persoas, e se o custo é coherente co servizo prestado. Porque aí indica que son cinco sábados, que non sei se foi así, pero se foron cinco sábados, estamos falando de que se lle pagou á empresa 6081,36 euros por cada sábado. Estamos falando de fondos públicos vinculados a políticas sensíbles, por iso formulamos a seguinte pregunta: cantos usuarios tivo a referida actividade en cada un dos actos programados? Moitas grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señor Bustos. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, alcalde. Esta mesma pregunta viñérona facer un sindicato fai uns meses. Entón eu entendo que coa resposta vai

ser a mesma. O problema é que, claro, aquí na pregunta obvian que a compravenda ao por maior e menor de alimentos e complementos alimenticios, qué pasa, cando detectamos dende o departamento que no seu CNAE, dacordo, tamén estaba á descrición de dada de alta na venda de alcohol e tabaco, pois falamos con Intervención para anular ese procedemento e licitador e que fora a adxudicación para a seguinte empresa. Este contrato, en principio, anulouse porque a empresa adxudicataria que gañou a licitación no seu CNAE tiña a venda de alcohol e tabaco e co Plan de Prevención de Drogas, evidentemente, non podemos continuar a actividade, neste caso. Estamos co procedemento a ver se podemos resolvelo canto antes.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas, señor Bustos. [Intervencións de fondo] DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Si, si, no CNAE figura alcohol e tabaco, segurísimo [Intervencións de fondo]...porque é o Plan de Prevención de Drogas, non podes ter unha actividade que, ademais, é unha actividade lúdica, de acordo para a xente, de maneira gratuíta, e que na propia CNAE teña venda de alcohol e tabaco. EXCMO. SR. ALCALDE: Imos continuar, o tempo está estipulado para a pregunta e para a resposta. Por favor, imos continuar. Seguinte seguinte pregunta.

C) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 32/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA PROBLEMÁTICA QUE SE DÁ NO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO OS DÍAS DE REPARTO DO BANCO DE ALIMENTOS DE LUGO.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

A veciñanza traslada a este Grupo Municipal o problema grave e continuado que se dá no servizo de autobús urbano os días de reparto do Banco de Alimentos de Lugo, onde se concentra un elevado número de persoas usuarias para recoller alimentos. Segundo nos relatado, neses martes e venres os autobuses urbanos pasan completamente cheos, especialmente as liñas que circulan pola contorna nas que teñen parada as liñas 1.1, 1.2, 1.3 e 1.4, impedindo que todos os usuarios poidan acceder ao servizo e garantíndose así un colapso do transporte público neses días.

Este problema está a afectar non só ás persoas que se desprazan para as súas obrigas laborais ou estudos, senón tamén a aquelas e aqueles que, en condicións de vulnerabilidade socioeconómica, acoden ao Banco de Alimentos. Nese sentido, a falta de planificación e de medidas correctoras por parte do Goberno municipal non só está a limitar o dereito á mobilidade do conxunto da cidadanía, senón que comporta un agravamento innecesario da situación de colectivos especialmente sensibles.

A maiores, desde o Goberno municipal manifestouse publicamente que non é posible reforzar as liñas non quedan quilómetros dispoñibles no contrato de servizo, sen que ata o de agora se presentasen alternativas concretas de organización, planificación de horarios para reducir este colapso sistemático. En

base o anterior, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta, ante o Pleno, a seguinte pregunta:

- **Que medidas ten previsto adoptar o Goberno municipal para remediar esta situación e garantir que o servizo de transporte urbano sexa accesible, suficiente e planificado adecuadamente?**

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Non sei quen formula a pregunta. Mar Carballas.

DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS FERREIRO: Traemos hoxe a Pleno unha situación continuada no tempo e que afecta directamente ó servizo de autobús urbano. Estamos a referirnos ao colapso que se produce os días do reparto do Banco de Alimentos, concretamente en martes e venres. A veciñanza nos traslada que neses días os autobuses pasan a certas horas, completamente cheos, especialmente nas liñas 1. Moitas persoas non poden subir, quedan nas paradas, perden enlaces e o transporte público deixa de cumprir a súa función básica que é garantir a mobilidade. Isto non só prexudica a quen vai traballar ou estudar prexudica ás persoas en situación de vulnerabilidade que acoden ao Banco de Alimentos, xa que estamos a falar de xente que o ten difícil e que ademais atopa unha barreira máis por falta de planificación municipal. Non só é un problema de tráfico ou demanda, senón tamén de sensibilidade e xestión. O Goberno municipal dixo que no se poden reforzar as liñas porque non quedan quilómetros dispoñibles no contrato, ben, pois máis razón para planificar e organizar horarios, coordinar frecuencias, prever reforzos puntuais ou alternativas. O que non podemos, nin estando na oposición e moito menos vostedes que están no Goberno, resignarse, quedarse de brazos cruzados e deixar que o colapso dun servizo se converte en normalidade, porque a nosa obriga é traballar, traballar con humildade, con feitos e con valentía política para mellorar ou cambiar o que non funciona. A cidade constrúese escoitando e por iso a pregunta é clara e directa: qué medidas ten previsto adoptar o Goberno municipal para remediar esta situación e garantir que o servizo de transporte urbano sexa accesible, suficiente e planificado adecuadamente, especialmente nos días de reparto do Banco de Alimentos. Gracias.

EXCMO. SR. ALCALDE: Gracias, señora Carballas e contesta o señor Arroxo. Cando queira.

DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ: Grazas pola pregunta e ademais agradezo que se enterasen vostedes de que non se poden incrementar as liñas por unhas manifestacións do Goberno, porque esto licitouse hai once anos e sodes só 12 persoas e entendo que non tiveses tempo de ver nunca o contrato do servizo público, entón polo menos está ben que se escoite cando o explicamos. A situación do contrato do transporte público de estas liñas en concreto si que hay un

problema dende hai tempo nos días en que hai Banco de Alimentos están indo os catro vehículos máis grandes que hai en toda a frota, non hai vehículos máis grandes e a situación descrita. Eeu animo ó Partido Popular, nesta intención constructiva que entendo que queren traer aquí, pois, que faga unha proposta dicindo qué líña se debe retirar, de qué barrio se debe retirar unha líña para reforzar esta, podémola analizar, pódese traer a proposta, non hai ningún problema. En todo caso a min tamén, non podo deixar escapar este punto, para dicir que igual cando se sinala a lúa no hai que mirar o dedo, e cando vimos que hai centos de persoas que teñen que ir a unha organización sen ánimo de lucro a buscar alimentos, igual é que algo está fallando. Entón, ben, igual quen ten a responsabilidade de políticas sociais igual ten que mirar por qué está fallando esta situación e refírome precisamente ó Goberno galego que é quen ten esta responsabilidade...non, non..., a ver eu entendo que se poñan nerviosos pero é tal e como aparece recollido na lei. Por certo, eu estiven todo o Pleno calado, todo o Pleno, entón pido o mesmo respecto, por favor, escoitei aquí bastantes barbaridades e estiven calado, pido o mesmo respecto.

EXCMO. SR. ALCALDE: Rematou? Sí? Imos coa seguinte pregunta, señora secretaria.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 33/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CO ANUNCIO DA CONSTRUCCIÓN DUN PAVILLÓN DEPORTIVO NO BARRIO DE SAN FIZ.- Visto o referido escrito que é do seguinte teor:

A necesidade de infraestruturas deportivas na cidade de Lugo sempre foi unha demanda do grupo municipal do PP que levou a pleno iniciativas neste senso. Iniciativas aprobadas por unanimidade que non chegaron a executarse.

Dende o ano 2021 o Concello de Lugo anunciou en diferentes ocasións a construción dun pavillón deportivo na zona norte da cidade, vinculado ao proxecto coñecido como **“Sport Life”**, chegando incluso a tramitarse actuacións administrativas. Porén, nos últimos días o concelleiro responsable da área deportiva vén de anunciar nos medios de comunicación a próxima construción dun pavillón multidisciplinar en San Fiz, na zona sur.

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular consideramos imprescindible aclarar se este novo anuncio supón un cambio de prioridades que implique a renuncia ás dotacións deportivas previstas na zona norte, e coñecer cal é a planificación real do Goberno local para garantir un equilibrio territorial das infraestruturas deportivas na cidade. A veciñanza, os clubs e as entidades deportivas precisan certezas sobre a continuidade ou non das actuacións anunciadas e sobre os prazos e financiamento das novas instalacións.

Por todo o exposto, o grupo municipal do Partido Popular presenta a seguinte pregunta a pleno:

1. **O anuncio do novo pavillón en San Fiz implica a renuncia do Concello á construción dun pavillón deportivo na zona norte, incluído o proxecto anunciado e licitado como “Sport Life”?** En caso afirmativo, cando se adoptou esa decisión e cales son as razóns técnicas e/ou orzamentarias que a xustifican?

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE: Ben, señora Candia?

DONA MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ: Moitas gracias. Neste Pleno, nesta mesma sesión é moi recorrente ese argumento, pero neste especialmente, explicábasenos por determinadas peticións ‘xa saíu na prensa’, ‘xa saben que se vai facer’, ‘xa saíu na prensa’, ‘van vostedes apuntarse un tanto’, ben. No tema da construción, por iso vou contextualizar a pregunta que vou facer agora, no tema da construción de máis infraestruturas deportivas tan necesarias e desexadas na nosa cidade, saíron na prensa o 29 de xuño do 2018, o 29 de outubro do 2019, o 31 de outubro do 2019, o 7 de febreiro do 2020, o 23 de febreiro do 2020, o 9 de marzo do 2021, o 23 de abril do 2021, o 30 de abril do 2021, o 17 de decembro do 2022, este último iniciando un proceso de contratación. Fíxese vostede a credibilidade que pode ter o de que porque salga na prensa nos intentemos adiantar por marcar un gol. Cántos goles van aquí. No nos digo todos porque, evidentemente, o tempo para as preguntas é curto e non me chega. Esa é a realidade, esa é a vosa credibilidade, esa é a súa credibilidade. Máis alá de que efectivamente a prensa non pode ser un mecanismo de información, recoñecendo por suposto a súa valía, que publican o que lles contan, o que pasa é que quen lles conta mentiras son vostedes dende o ano 2018 prometendo un pavillón con financiamento, e aínda non é realidade hoxe e estamos no 2026, pero parece ser que agora vostede plantexa unha súpercidade deportiva en San Fiz, entón nosotros preguntamos que é o obxecto do que hoxe quero levar respostas se é posible. Ese anuncio desa cidade deportiva en San Fiz implica a renuncia do Concello á construción do pavillón deportivo na zona norte que vostedes denominaron ese proxecto como Sport Life? Esa é a pregunta. Ou é compatible ou un substitúe ao outro, ou vamos a pasar como o 2018 quedar sen ningún dos dous? Grazas.

EXCMO. SR. ALCALDE: Moitas grazas. Ten a palabra para contestar o señor Jorge Bustos. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: A verdade que usou un ton bastante agresivo, é curioso cando menos.

Mire, primeiro vou só comentar unha cousa, nesa infraestrutura deportiva da cidade de Lugo, sempre foi unha demanda do Grupo Municipal do Partido Popular e como o queren arranxar é firmando un convenio, en vez de coller, instar á Xunta a que invirta cartos aquí, como en Ferrol, por exemplo, que teñen moitos carnos no

ACTAS E GOBERNO

AMRG/jch/cal

Refº: ispac5256112261728678799.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-1-2026

mantemento e ampliación da cidade deportiva. Ben, en relación a esta pregunta, evidentemente o que necesita o deporte base, despois de todo o contacto que tivemos con todas as organizacións deportivas e clubs da cidade, onde vostede estaba en varias situacións, como pode ser este mes de outubro, nunha presentación dun equipo nun pavillón municipal, onde estabamos nós, na mesma sala e vostede dicía todo o rato 'é que non sei onde vai o pavillón' e todo o mundo dicía 'como que non, se levamos con isto dous anos'. Cámbiase a ubicación do pavillón, porque o que necesitamos é un pavillón polideportivo con moitas pistas para albergar moita alternancia de deporte. Entón, evidentemente, os terreos elixidos son San Fiz, polo tema do dimensionamento. Tamén quero dicir, porque aquí está dicindo, é que claro 'a renuncia do Concello á construción na zona norte', agora mesmo, se fai a conta das instalacións que hai na zona norte, estaban máis ou menos en 22, e na zona sur chegamos a 15, tomando o Concello como referencia, para que o saiba. Facendo esta cidade deportiva en San Fiz, igualaríamos a balanza, entón o primeiro que hai que facer é coñecer a cidade e despois mirar onde teñen que estar ubicadas as cousas.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Excmo. Sr. alcalde dá por rematada a sesión, ás doce horas e trinta e oito minutos do expresado día vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte e seis, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ao Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno, dou fe.